

EMPRESA

Asetem sortea ceas para dúas persoas na Campaña dos Namorados P8

COMARCA

Toques prevé presentar alegacións á ampliación da Red Natura P18

CULTURA

Brasil e Galicia, proximidade cultural a través da obra narrativa P22

ENTREVISTA



Lila Quinteiro, Cardigan

“Ofrecemos unha gran variedade de punto a prezos accesibles” P31

Mercamelide aposta forte pola renovación e a variedade

O Pazo de Congressos de Melide acollerá os días 11 e 12 de febreiro a novena edición de Mercamelide, a feira de saldos comarcal. O evento incluírá este ano varias novidades, como a presenza da máquina filloeira de Lestedo ou a renovación de stands. Haberá produtos de calzado, roupa, perfumería, complementos, fogar, mobles, electrodomésticos, lencería, decoración, menaxe, mercería e deportes. Tampouco faltará a gastronomía. P3



A comarca prepárase para a chegada do Entroido




Os concellos da Terra de Melide agardan xa o inicio do Entroido. Por diante quedan catro días cargados de diversión, disfraces e boa gastronomía. P12

Froito Novo cumpre 40 anos sobre os escenarios



A agrupación de música tradicional máis antiga de Melide está de aniversario. Cerne dedícalle unha reportaxe especial ás súas catro décadas de historia. P24



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERREÑOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- EDIFICACIONES Y CONSTRUCCIONES REALIZADAS SIN LICENCIA
- CONCESION DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Rede Natura e progreso

A anunciada ampliación da Rede Natura 2000 está a provocar inquedanza na poboación da Terra de Melide polas consecuencias negativas que poidan derivar da súa aprobación. A incerteza é máxima en Toques, onde a superficie protexida pasará a representar un 61% do total do municipio e incluírá numerosas aldeas e zonas de labranza. Será, proporcionalmente, o concello da provincia da Coruña con máis terreo protexido.

O anuncio provocou o rexeitamento total da veciñanza e a creación dunha fronte común por parte dos partidos políticos para tratar de frear o proxecto. Non é esta unha reacción casual, senón o froito do que significou ata agora a Rede Natura para Toques. Os veciños séntense enganados. Durante os últimos anos comprobaron como as compensacións anunciadas no seu día non foron tal, como as subvencións prometidas seguen sen chegar, como se limitou o uso dalgunhas das súas fincas e como, en definitiva, Toques non obtivo ningún beneficio pola súa inclusión na rede. Máis ben ao contrario, comprobaron os atrancos que poden derivar para o futuro dunha zona na que a maioría da xente vive da terra.

Son moitas as contradicións que xorden a raíz da declaración dalgúns lugares



como zona protexida: por unha banda promóvese a concentración parcelaria, a fusión de explotacións gandeiras e a creación de cooperativas para traballar de xeito competitivo e progresar. Promóvese a limpeza de montes para evitar os desastres causados polo lume cada verán. Por outra banda, apróbanse proteccións ambientais que impiden modificar o uso das terras, crear novos prados ou levantar construcións.

Os ventos das decisións de quen ocupa cargos políticos sopran en moitas direccións, entrementes os cidadáns seguen a ser os grandes prexudicados. A miúdo quéixanse tamén da falta de información e do ocultismo co que son aprobadas certas iniciativas que afectan á súa vida. A

transparencia debe ser total.

Sen dúbida, a expansión da Rede Natura 2000 entra en conflito cos intereses de Toques, no que se ven afectadas aldeas enteiras. Na medida en que a rede é un mecanismo de protección e conservación da natureza, o desenvolvemento da actividade agraria veríase comprometido e con el o futuro dun concello. O rural perde poboación, e poñer coutos moi estritos no seu principal medio de vida sería asinar as súa sentenza de morte.

É por todo isto que a preservación do medio ambiente, á que ninguén se opón, debe facerse sempre dentro da racionalidade, con garantías de futuro para o territorio afectado e tendo en conta as necesidades sociais e económicas das persoas que o habitan.

Tribuna de opinión

Mercamelide

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Volve Mercamelide. Os días 11 e 12 de febreiro no Pazo de Congresos. Por duración, por espazo, por número de participantes, por variedade na oferta e por afluencia de público, volve o evento por excelencia do comercio local. Son xa nove edicións desta feira de oportunidades que, xa asentada, se está a converter nunha cita ineludible para quen sabe que Melide é un gran centro comercial aberto.

Volve nunhas circunstancias adversas, no contexto dunha penuria económica de tentáculos interminables. Pero volve reforzado, con cambios e ideas frescas. Renovado. Mercamelide é o exemplo da actitude que o comercio da vila adopta ante as dificultades: lonxe da resignación e da queixa, búscanse alternati-

vas e novos camiños que sigan facendo de Melide un lugar atractivo para mercar.

A liña do Mercamelide é a liña a seguir, porque a crise combátese con iniciativa e implicación. Iso é o que vén demostrando a Concellería de Turismo e Promoción Económica, dirixida por Santos López. Consciente da importancia do sector comercial nunha vila eminentemente de servizos, a aposta foi clara dende o principio: facer máis con menos, suplir a falta de orzamento con orixinalidade e novas ideas.

A experiencia demostra que as adversidades se poden superar co traballo conxunto da clase política e da empresarial. Cóbado con cóbado pódese facer máis con menos. Un exemplo: Mercamelide.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	12
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	22
-DEPORTES.....	28
-COLABORACIÓNS.....	30
-ENTREVISTA.....	31

Mercamelide renóvase e reforza o seu atractivo

A feira de saldos incrementa a oferta, inclúe máis actividades e estrea stands

O Pazo de Congressos e Exposicións acollerá os días 11 e 12 de febreiro a novena edición da feira de oportunidades Mercamelide, que chega na súa versión de inverno con numerosas novidades. A máis destacada será a presenza da máquina filloeira de Lestedo, capaz de fabricar 1.500 unidades por hora. Estará no recinto o domingo día 12 e repartirá filloas de balde a todas as persoas que se acheguen ata o lugar.

Ademais haberá inchables para os cativos e o chan, por primeira vez, terá corredores de moqueta. “É unha visión distinta, con novas ideas, para reforzar o apoio a un sector que ten moita incidencia na economía da vila”, sinalou Santos López, Concelleiro de Turismo e Promoción Económica, na xornada de presenta-

ción do evento.

Mercamelide contará con 30 expositores e outros tantos comercios participantes que ofrecerán os seus artigos a prezos moi reducidos durante toda a fin de semana. Haberá produtos de calzado, roupa, complementos, fogar, mobles, decoración, menaxe, lencería, deportes, mercería ou perfumería. Este ano tamén se instalará un gran espazo dedicado aos electrodomésticos. Mercamelide fará ademais unha aposta decidida pola gastronomía coa presenza de tres firmas que ofrecerán produtos ecolóxicos. O recinto estará aberto en horario ininterrompido de 11:00 a 20:00 horas.

Renovación de stands

Os cambios introducidos no Mercamelide son os primeiros pasos do que pretende ser unha renovación integral que afectará tamén aos propios expositores. De feito, nesta edición estrearáse un novo stand feito polos alumnos do Ciclo da madeira do Instituto. Trátase dun patrón que servirá de modelo para a fabricación de novos expositores de cara a

edicións futuras.

Segundo Santos López, “os postos de venda actuais están obsoletos e o obxectivo é renovalos todos, 30 en total, nos próximos tres anos”. Para esta edición do Mercamelide, o concello de Palas de Rei presentará 20 expositores

Por outra banda, a feira de oportunidades estrea tamén novo logo, identificado coa imaxe do comercio de Melide. Incorpora as cores azul e laranxa e simboliza as asas dunha bolsa de compra. O conxunto de novidades persigue incrementar o número de visitantes do Mercamelide e superar as cifras de edicións pasadas. A última, celebrada no verán, recibiu arredor de 22.000 persoas.

Novos proxectos

O edil de Promoción Económica avanzou que o concello e a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) están a traballar na organización dunha feira de vodas. Na iniciativa tamén participa Rebeca Ponte (Madame Chocó). O mes de abril perfílase como a data máis probable para celebrar o evento.



Santos López na presentación do Mercamelide ante os medios



O ciclo da madeira do Instituto elaborou un prototipo de stand

sábado
11_f

domingo
12_f

horario:
11^a a 8

Pazo
de
Conaresos



Maria Sánchez Quintas
Victor Pereira Cagide

Tfno.: 981 50 71 94
Rúa do Corvino, 16
15800 MELIDE (A Coruña)



COUSASNOVAS
un grupo de tiendas a su servicio

Tfnos.: **666 501 339**
670 712 071
cousasnovas@hotmail.com



calitex
paquetería - tejidos
cortinas

Tfno.: 981 50 31 54
Rúa Galicia, 4, bajo - 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 982 52 78 10
C/ Benigno Vázquez, 21 - MONTERROSO (Lugo)



DISTRIBUCIONES
O CARRIZO

Tfno.: 615 360 089
Avda. de Lugo, 83
15800 MELIDE (A Coruña)
carrizodistribuciones@gmail.com



ELECTROSAN

* Venta de electrodomésticos
* Colchones al por mayor y detalle

C/. Martagona, 13 bajo
15800 MELIDE (A Coruña) Tfno.: 662 551 116
manusanv@gmail.com



Alfonso
Medas

Tfno.: 981 50 51 08 - Rúa Naveiros Regener Regener, 22 - 15800 MELIDE (A Coruña)



casa alongos

Viños, licores
e produtos ecolóxicos



Deleitar

11 E 12 DE FEBREIRO, MELIDE

HORARIO ININTERROMPIDO DE 11:00 A 20:00

-PAZO DE CONGRESOS-



902 908 737 intermaxmelide@hotmail.com

juvenil
Zapatería Tanuska
infantil

Tel.: 981 505 793
Cantón de San Roque, 14 bajo
15800 - MELIDE (A Coruña)



Rua San Pedro
15.800 Melide
Tlf: 630 21 66 33




TRISCOS
Moda Xoven

C/ San Pedro, 23 Melide 15.800
Tel: 981 507 711

Arteixo - Betanzos
Melide - Monterroso

Casa das Luces



Moda Infantil
Comanlón
Todo para o bebé
Cama, Creche, Sillón de
Sostemento de espaldas

Rúa Alexandre Bóveda, 11
Melide Tel: 981 505 811

H2O

Alexandre Bóveda, 10

Tfno. 981 507 578 - MELIDE

MIS MEJORES LABORES

C/ Avda. de América, 3 MELIDE

MIS MEJORES LABORES

MERCERÍA Y COMPLEMENTOS

GRUPO
JIM SPORTS

PERFUMERIA
LYSS

COMPLEMENTOS
REGALOS

C/ Ronda de la Coruña, 44 - Tel. 981 50 76 84
MELIDE

MODAS
Marecha



Tfno.: 981 942 415
Ronda de la Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)

El Jandalo

MODA HOMBRE - MUJER

Mercedes Abad León

Tfno./fax: 981 50 63 70
Móvil: 610 75 78 84
Rúa do Convento, 16
15800 MELIDE (A Coruña)



COMERCIAL DE PRODUCTOS DE VETERINARIA

medicampo@terra.es

C/ María Trive, 5 • Tfno.: 981 505 898 • MELIDE (A Coruña)
Rúa de Lugo, 61 • Tfno.: 981 500 225 • ARZUA (A Coruña)
Avda. Coruña, 30 • Tfno.: 982 375 111 • PRIOO (Lugo)
C/ Alcalde Espáñica, 32 • Tfno.: 981 789 428 • CUSQUE (A Coruña)



Tel: San Pedro, 9 - 15800 Melide
Tel: 981 50 26 38 - madamechoco.com

Calzados
Broz

Home, muller e nenos

Tfno: 981 50 51 60
Camiño de Ovedo, 13 - MELIDE

el baul
de la
Piquer

Programa 5
MARTES - LA VITRINA

CERNE

O xornal
da
Terra de
Melide



h
"ache"

Moda infantil
e xuvenil

Tfno.: 981 50 52 27 • San Pedro, 21 • 15800 MELIDE (A Coruña)

INDUSTRIA
Julio Sánchez Coceiro, S.L.

Ferretería • Maquinaria de construcción
Alquiler de Maquinaria Industrial
Reparación de maquinaria

C/ Emilio Martínez Sánchez, 60 • Curtis
feruelte@feruelte.com
Tel: 981 78 66 78 • 981 78 70 28
Fax: 981 78 62 21

Tel: 981 78 62 14 • C/ La Estrella, 37 • CORRUBO
Tel: 981 78 61 62 • C/ra. Nacional 11 • OLEMA
Tel: 981 78 61 37 • Avda. de Lugo 61 • MELIDE

mercamelide

sábado

11^f

domingo

12^f

horario:

11^a8

Pazo

de

Congresos

IX FEIRA DE OPORTUNIDADES

artigos de calidade a prezos reducidos

calzado - moda
lencería
complementos...

fogar - mable
menaxe
decoración...

deportes - mercería
perfumería
electrodomésticos

hinchables
dos Lunnis
para nenos,
ambos días.

domingo
12^f

degustación
de Filloas,
máquina
de Lestedo.

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Programa para a promoción do emprego autónomo, 2012.

(DOG nº 14, do 20 de Xaneiro de 2012)

Beneficiarios: Autónomos ou membros de sociedades civís e comunidades de bens, desempregados inscritos no SEPE, que sexan titulares ou cotitulares do negocio e se dean de alta no Réxime Especial de Autónomos.

Liñas de axuda:

a) SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR AUTÓNOMO.

Investimento mínimo en inmovilizado material de 3.000 euros/solicitante.

Contía: De 5.000 ata 10.000 €, según o colectivo ó que pertenza o solicitante.

b) SUBVENCIÓN FINANCEIRA.

O 75% do préstamo se destine a financiar investimentos en inmovilizado material novo. Investimento mínimo 3.000 €.

Contía: Redución de ata 4 puntos do tipo de xuro, calculada sobre os 8 primeiros anos de vivencia do préstamo.

c) SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA.

Estudos de viabilidade, organización, comercialización, diagnose, etc.

Contía: 75% do custo, máximo 1.000€.

d) SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN.

Cursos de dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías.

Contía: 75% do custo, máximo 3.000€.

e) AXUDA EXCEPCIONAL.

Compra de mercadorías; gastos de constitución; publicidade; arrendamento de local, de maquinaria e de equipos informáticos; e seguro de local.

Contía: Ata 3.600€ según colectivo e importe xustificado.

f) SUBVENCIÓN POLA PRIMEIRA CONTRATACIÓN INDEFINIDA.

Beneficiarios: só traballadores autónomos.

Actuación subvencionable: primeira contratación indefinida durante o 1º ano de actividade dun traballador desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego; ou transformación dun contrato temporal en indefinido; no período comprendido entre 01/10/2011 e o 30/09/2012.

Contías: Contratación, entre 4.000€ e 6.000€.

Transformación, entre 2.000 e 3.000€.

Prazo xeral: 1 mes dende a alta na seguridade

social, máximo ata o 30/09/2012.

Prazo especial para as actividades subvencionables iniciadas entre o 01/10/2011 e o 20/01/2012, ata o 30/03/2012.

2. Subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao Plan de Vehículos Eficientes, así como se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión.

(DOG nº 234, do 9 de Decembro de 2011)

Actuacións que son subvencionables: Adquisición/Transformación de vehículos novos, M1 e N1, ou adquisición de motocicletas, que reúnan certas características.

Beneficiarios: Persoas físicas e xurídicas públicas ou privadas e agrupacións das anteriores.

Contía: Ata 7.000 euros

Prazo: Ata 30/10/2012.

3. Programa de fomento do emprego das empresas de economía social e fomento do cooperativismo.

(DOG nº 13, do 19 de Xaneiro de 2012)

Programa I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

Beneficiarios: cooperativas e soc. laborais que incorporen como socios traballadores a desempregados.

Axuda: ata 5500€/persoa incorporada a xornada completa. Pode ser incrementada ata 10.000€.

Programa II: Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

Beneficiarios: cooperativas con socios traballadores ou de traballo e as sociedades laborais.

Axuda: Máximo 18.000€

-Subvención financeira ou subvención directa para adquisición de inmovilizados.

Programa III: Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica. Beneficiarios: Cooperativas e soc. laborais de nova creación ou con novos proxectos empresariais e as entidades privadas que presten servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos.

Axuda: Ata 20.000€

Programa IV: Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

Beneficiarios: Desempregados que accedan como socios traballadores nunha cooperativa ou sociedade laboral, e os asalariados destas entidades que accedan á condición de socio

traballador.

Axuda: Ata 4.500€ (incorporación a cooperativa) e ata 2.000€ (incorporación a sociedade laboral).

Programa V: Promoción do cooperativismo.

Beneficiarios: Cooperativas legalmente constituídas

-Fomento do cooperativismo: ata 75% dos gastos, cun máximo de 30.000€

-Adaptación as tecnoloxías da información e as comunicación: ata o 75% dos gastos, cun máximo de 10.000€.

Prazo: Ata o 19/02/2012

Fiscal e laboral

PRÓRROGA DO PROGRAMA DE RECUALIFICACIÓN PROFESIONAL DAS PERSOAS QUE AGOTEN A SÚA PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Porrógase ata o 15 de Agosto de 2012 o referido programa. Serán beneficiarios os inscritos na Oficina de Emprego como desempregados pola extinción da súa relación laboral que, entre o 15 de Febreiro de 2012 e o 15 de Agosto de 2012, esgoten a súa prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito ou esgotaran os subsidios de desemprego e as súa prórrogas.

Non poderán acollerse a este programa as persoas que percibiran a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, as que foron beneficiarias deste programa con anterioridade nin as que esgotasen ou non tiveran dereito á renda activa de inserción, renda agraria ou subsidio por desemprego para os traballadores eventuais agrarios.

DEROGACIÓN DO RD 1472/2007 QUE REGULA A RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN DOS XÓVENES.

Excepcionalmente, poderá ser beneficiario do dereito á renda básica de emancipación quen a solicítase a 31/12/2011, sempre a nesa data cumpran os requisitos contemplados na norma que se deroga.

DEDUCCIÓN POR VIVENDA HABITUAL

Con efectos dende o 01/01/2011, a dedución por vivenda habitual modifícase nos seguintes termos:

Poderán deducirse o 7,5% das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual. A base máxima da dedución serán 9.040 euros anuais.

Tamén se poderá aplicar esta dedución polas cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas-vivenda.

Entenderase por vivenda habitual aquela na que o contribuínte resida durante un prazo continuado de 3 anos.

RETENCIÓN DO ALUGUER

Elévase a porcentaxe de retención dos rendementos procedentes do arrendamento o subarrendamento de bens inmoebles urbanos ao 19%, con data de efectos do 01/01/2012.

TIPO IVO APLICABLE ÁS ENTREGAS DE VIVIENDAS

Ata o 31/01/2012 continuarase aplicando o tipo reducido do 4% de IVA á entrega dos edificios ou parte dos mesmos aptos para a súa utilización como vivendas, incluídas as prazas de garaxe, con un máximo de dúas unidades, e anexos situados neles que se transmitan conxuntamente.

PRAZO DE INTEGRACIÓN DO RÉXIME ESPECIAL DE EMPREGADOS DE FOGAR DENTRO DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

Os empregadores con traballadores en alta deberán comunicar á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos necesarios para a apertura de nova conta de cotización no novo Sistema Especial para Empregados de Fogar do Réxime Xeral e datos referidos á retribución do traballador, establecéndose como data límite para a integración o 31/06/2012.

Se non se fixera, cando se trate de empregados de fogar que traballan exclusivamente para un empregador, dende o 01/07/2012, a súa cotización pasará a efectuarse pola base prevista no tramo superior da escala de cotización deste Sistema (748,20€).

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981505160
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111

Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones Cardigan
Convento, 20
981505110
Cooperativa Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Cousa Novas
Rúa do Convento, 30
981507474
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
El baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981509077
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
H2O
Alexandre Bóveda, 10
981507578
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981506358
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mis Mejores Labores
Avda. América, 3
657 435 699

Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Planadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Toanma
Rúa San Juan, 1 - Baixo
981 50 74 93
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguéliz
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. Maria de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
Novo Continente
Luis Seoane, 8
981506182
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
639 82 00 24

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31 -1ºB
981505705
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047

Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 778 866
Inmobiliaria Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818



CasaQuinzan
RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

Asetem sorteia varias ceas para celebrar o Día dos Namorados

A Asociación de Empresarios Terra de Melide ofrece a posibilidade de celebrar San Valentín do xeito máis romántico sen sair da vila. A patronal melidense pon en marcha un ano máis a Campaña do Día dos Namorados, na que participan 31 establecementos e a través da cal se sortearán 8 ceas para dúas persoas.

A promoción comezou o día 1 de febreiro e prolongarase ata o día 14. Durante ese tempo os comercios participantes repartirán 6.000 boletos (200 por establecemento) entre os seus clientes.

A dinámica do concurso é moi sinxela: os consumidores recibirán un ou varios boletos por cada compra realizada. Deberán cubrilos co seu nome, apelidos e teléfono de contacto e depositalos nunha urna que atoparán en cada local.

O sorteo realizarase o 17 de febreiro ás 21:00 horas. Será en Ezequiel Eventos, na Trave-

sía do Sol, número 7, en Melide. Extraeranse 8 boletos premiados. A cada un corresponderalle unha cea para dúas persoas nun establecemento hostaleiro da vila. Os ganadores deberán consumir a cea no mes seguinte á data de celebración do sorteo.

Comercios participantes

Expert melide, Modas Manuel, Estanco Angarela, Cooperativa Melisanto, M & M Moda, Panadería - Pastelería Toques, Modas Alfonso, Deportes López, Melimática, Floristería Maru, Xoiería Roval, Leiva Motorsport, Que me Compro Moda, Toño Peluqueros, Electricidade Vilela, Electrotel 2000, Floristería Tarrío, Berencello, Calzados Broz, Xoiería Silvela, El Mundo del Pintor, Mis Mejores Labores, Santín e Amo Perruqueiros, Muxica Tenda Xoven, Xoiería Oro Ley, Cociñas Buján, Cousas Novas, Skala Peluqueros,



El Baúl de la Piquer, Tintorería Iris e Cardigan.

Premios do Nadal

Coincindo coa rifa da promoción dos Namorados, Asetem fará entrega dos premios da Campaña "Este Nadal Toca en Melide", que repartiu un total de 6.000 euros. Para o acto serán convocados tanto os clientes agraciados como os representantes dos comercios.


ESTUDIO DE ARQUITECTURA Y URBANISMO

GONZALO NAVAZA MOSTEIRO

Arquitecto técnico

ANTONIO HERNANDO EZQUERRA

Arquitecto



Crtra. de Besexos, 1 - 2ºC
Tfno: 986582280 - 670562308
36590 - VILA DE CRUCES

Rúa Santiago, 11 - 1ºD
Tfno: 981508081
15810 - ARZÚA

LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIONES SIN LICENCIA

Se realizan expedientes de edificaciones sin licencia para obtener declaración municipal de incursión en SITUACIÓN LEGAL de fuera de ordenación total.

(Disposición transitoria tercera, Lei 2/2010)

FIN DE PLAZO: 20 de abril de 2012

Algunos de nuestros proyectos



Por San Valentín, merca en Melide



Berencello

Lencería - Corsetería

Telf.: 661 81 59 76

Rúa do Convento, 2
15800 MELIDE (A Coruña)

- FELINA - ORY - PLAYTEX - SELMAR - SK
- ABANDERADO - LIDY - SOY - DIN

Joyería Oro Ley



Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

14 DE FEBREIRO - DÍA DOS NAMORADOS REGALE FLORES



- Productor de toda clase de flores

- Preparamos:
Ramos de Novia,
Coronas, Ramos,
Palmas, Centros, etc.

- Estamos a su servicio en:

Tfnos.: 981 50 61 64 - Fax: 981 50 59 88
Tfnos. móviles: 666 49 38 45 - 666 49 38 50
C/ Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (La Coruña)

*Centros, flor seca y natural.
Ramos de novia y complementos.
Arreglos florales. - Decoraciones.
Plantas. - Coronas.*

Floristería **MARU**

Tfnos.: 981 507 580 - 981 505 137 - 607 507 579
Rúa do Convento, 9 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Para celebrar San Valentín a:
Madame Choco
Bakery romántica - Melide

Rúa San Pedro, 5
15800 - MELIDE
Tfnos.: 981 50 78 38



MIS MEJORES LABORES

C/ Avda. de América, 3 MELIDE



MIS MEJORES LABORES

MERCERÍA Y COMPLEMENTOS

A comarca recibirá máis de medio millón de euros a través do GDR

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo pechou o ano 2011 cun volume de investimento de 1.893.558 euros. Entre as axudas concedidas na última anualidade destacan as aprobadas no marco do Programa Leader. Suman un total de 677.819 euros e permitirán financiar dous proxectos, un deles no concello de Melide. Trátase do promovido por Cervisa S.L., unha empresa dedicada á fabricación de estruturas metálicas.

Cervisa está instalada no Polígono da Madanela e leva en funcionamento dende o ano 2008. Os seus propietarios, dous rapaces emprendedores de 26 e 32 anos, queren darlle un novo pulo e convertela nunha das empresas do sector máis modernas de Galicia. Para iso precisan un investimento próximo aos 600.000 euros. A subvención conce-

didada a través do GDR cubrirá o 28% dese orzamento.

O segundo dos proxectos subvencionados desenvólvese en Boimorto. Consiste na creación dun viveiro forestal que comercializará castiñeiros producidos a través de plantas nai. Foi presentado pola empresa Río Queiro S.L., con sede en Ordes e rexentada por un mozo de 27 anos. O investimento, entre o acondicionamento do viveiro e a adquisición de maquinaria, supera os 130.000 euros. A subvención sufragará o 35%.

O presidente do GDR Ulla Tambre Mandeo, Ovidio Leiva, destaca o apoio que se está a prestar dende este organismo ás iniciativas da xente nova e fai fincapé no mérito dos emprendedores “que en tempos de crise e acceso moi restrinxido ao crédito, conseguen ver unha oportunidade de negocio e a proveitálla”.

Melide formará parte do GDR

“Debemos estar dentro porque nos incumbe directamente”. Así xustificou a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, a proposta presentada no último pleno municipal para tramitar a adhesión do concello ao GDR Ulla-Tambre-Mandeo, unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos. Outras organizacións locais, como Asetem, Melisanto ou Fungocerga xa pertencen a este organismo.

Vázquez explicou que a pesar de que o actual programa de axudas do GDR remata no 2013 “aínda quedan partidas para as administra-

cións que podemos aproveitar. Iremos pola vía do turismo e as novas tecnoloxías”, sinalou.

Nesa liña, o concelleiro de Turismo e Promoción económica, Santos López, explicou que tratarán de captar unha subvención de 40.000 euros para promocionar Melide a nivel mundial a través da rede. Trataríase dunha ferramenta interactiva en varios idiomas con visitas virtuais de 360 graos a lugares destacados e xeoposicionamento. Todos os negocios terían a súa propia reseña e un catálogo despregable cos produtos que ofrecen. “Melide terá o seu lugar no mundo”, aclarou o edil.

Que é o GDR?

Un Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) é unha asociación. Está formado por entidades pertencentes a unha determinada comarca que representan a sectores moi variados. Funciona coma calquera asociación sen ánimo de lucro e está obrigado a admitir a calquera organización que queira participar. Os GDR elaboran estratexias de desenvolvemento comarcal tendo en conta as principais necesidades do territorio e as súas potencialidades. Xestionan fondos da Unión Europea e dos gobernos autonómicos co obxectivo de promover a creación de emprego e a calidade de vida dos pobos pequenos. Existen en toda España.

Que é o Leader?

Significa Ligazóns Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural. É o nome co que se coñece o conxunto de medidas impulsadas pola Unión Europea dende 1.991 para o desenvolvemento rural. Na actualidade está en vixencia o LEADER 2007-2013, que en Galicia é xestionado a través da Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (AGADER), dependente da Xunta. O GDR ten un papel moi importante non seu desenvolvemento: por unha parte promove que xurdan proxectos que se poidan financiar ao abeiro do Programa Leader. Por outra, é o organismo que valora eses proxectos e atribúe unha axuda a aqueles que considera beneficiosos para o territorio.

Asetem organiza cursos para dar formación a 40 persoas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide comezou a programación prevista para o ano 2012 cunha forte aposta polas actividades formativas. Arredor de 40 persoas recibirán formación ao longo do primeiro trimestre do ano a través dos cursos organizados pola patronal melidense. Están destinados tanto a profesionais en activo como en situación de desemprego, teñen carácter gratuíto e son impartidos na sede de Asetem por expertos da Confederación de Empresarios da Coruña.

Un dos cursos que contou con mellor aceptación é o de Escaparatismo Comercial, que se está a desenvolver este mes de febreiro. É impartido por Beatriz Rodríguez, a creadora do escaparate de Nadal de

Xoiería Silveira, gañador do último certame de escaparatismo convocado polo Concello de Melide. No curso participan un total de 17 alumnas que tratarán de aprender, ao longo de 90 horas lectivas, como organizar e montar escaparates nun comercio.

O programa do curso consta de tres módulos nos que se explica como xogar co espazo, as formas xeométricas e os niveis. Tamén se dedica un capítulo enteiro á importancia das cores, os rótulos, os materiais e a iluminación empregada na confección do escaparate. As clases inclúen ademais leccións sobre como avaliar a eficacia que ten o escaparate nas vendas ou como deseñalo en función do tipo de artigos e clientes do establecemento.



O curso de escaparatismo tivo moi boa acollida

Tamén se completaron todas as prazas ofertadas no curso de Prevención na Construción. Desenvolveuse entre os días 13 e 28 de xaneiro, cun total de 70 horas de formación. Os asistentes aprenderon conceptos básicos sobre seguridade, abordaron os tipos de riscos que pode atopar o traballador na obra e recibiron tanto consellos sobre prevención como

nocións de primeiros auxilios.

Carné Manipulador

O próximo día 10 de febreiro (venres) a partir das 17:30 horas, celebrarase en Asetem un curso para a obtención do Carné Manipulador de Aliménos. As persoas interesadas poden anotarse ata o día 9 chamando ao número de teléfono 981 50 61 88.



Asistentes ao curso de Prevención de Riscos na Construción



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Tenda Tf-fax 981 505 723

Queixería tf 981 510 702

Balada – Visantóna

15809 Santiso

xebre@telefonica.net

EMPRENDEDORES EN MELIDE

A Cortina reta a crise e abre unha tenda nova en Arzúa

O comercio melidense segue proporcionando exemplos de fortaleza en tempos de crise. O máis recente é o caso da tenda A Cortina, que acaba de abrir un novo establecemento en Arzúa, no número 99 da Rúa de Lugo. Trátase dun local de 180 metros cadrados que na súa amplitude dá cabida a todo un universo de cor en moda para o fogar.

Detrás deste proxecto está unha muller emprendedora ao tempo que experimentada: Esther Bouzo, propietaria da Cortina. Dende o mostrador no que leva 18 anos tomando medidas e despachando, explica como a tenda de Arzúa responde a un novo concepto de negocio no que o cliente “entrará, verá e comprará se quere”. É por iso que quixo facer do novo local un espazo “amplo, vistoso, no que todo está ao alcance dos ollos e os catálogos sempre abertos”.

Xunto cunha ampla gama de

roupa para o fogar, a nova tenda de Arzúa conserva a marca de identidade do negocio: a confección de cortinas a medida. “Neste caso seguiremos na mesma liña”, comenta Esther, “facendo orzamentos, indo ás casas, medindo, aconsellando ao cliente e prestando unha atención personalizada”.

Todo iso sen despistar as últimas novidades. Se algo ten claro Esther despois de case dúas décadas no negocio é que “o comerciante ten que estar de volta de todo. Non pode esperar a que lle ofrezan os produtos, ten que ir a buscalos”.

Quizais sexa porque Esther Bouzo é unha muller coas ideas claras e moi resolutive no falar que parece cousa doada abrir unha nova tenda en plena crise. “Eu son así, coma as troitas, que nado contra corrente. Cando todo o mundo cerra eu abro”. Á marxe das cuestións de carácter, a idea de abrir un novo

local xurdiu cando lle comunicaron que debía deixar o que tiña na Rúa do Convento;

“Nunca lle darei agradecido ao pobo de Melide a axuda que me deu nos meus comezos ”

unha sorpresa desagradable da que saíu reforzada: “Foi sen contar, coma todo na miña vida. Eu vou comprar unhas espumas e acabo mercando un piso. Vou baleirar un local, e acabo enchendo outro!”

Esther sabe que das crises se sae loitando e agora que as cousas van encamiñadas e estrea local, recorda que a máis dura de todas foi botar a andar a tenda de Melide. Chegou de



Esther Bouzo no escaparate da súa tenda de Melide

Vitoria, era unha descoñecida e atopou no pobo “un apoio inmenso”. Cando recorda as primeiras clientas que entraron no seu establecemento recomendadas por outros locais da

vila, desfaiase en agradecementos: “recibín tanto cariño e apoio que aínda que viva outros tantos anos nunca lle darei agradecido ao pobo de Melide a axuda que me deu.”



RÚA DE LUGO, 99 - ARZÚA



A CORTINA

*** Confección de cortinas a medida**

*** Alfombras a medida**

*** Todo o necesario para o fogar**

**Aberto de luns a venres
de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30
Abrimos os domingos de feira**

PRESUPOSTOS SEN COMPROMISO / ATENCIÓN PERSONALIZADA

Comeza a conta atrás para a troula e o balbordo do entroido

Coa imaxe moi fresca aínda na memoria do último desfile que percorreu as rúas da vila, o da cabalgata de Reis, os veciños e veciñas de Melide apuran xa os preparativos para outro de natureza ben diferente: o do entroido 2012. En só cuestión de días o carnaval encherá o ambiente da cor, dos sons e da troula propia desta festa.

Os actos programados pola Concellería de Cultura e Deportes comezarán o domingo 19 cunha festa de disfraces infantil na discoteca Palladium. Comezará ás 17:00 e contará con xogos e música.

Non obstante, o forte da programación será o martes de entroido, día no que se celebre o concurso de disfraces e comparsas. Todas as persoas que queiran participar, poderán inscribirse ata as 17:00 horas do propio martes de entroido nas oficinas do concello. Unha vez pechado o prazo de inscrición, ás 17:45, os concursantes deberán presentarse



no Cantón de San Roque para participar no desfile cara ao Pazo de Congresos, onde se celebrará o concurso propiamente dito ás 19:00 horas e onde se fará entrega dos premios. Todo o proceso estará animado pola música dunha orquestra.

Premios por categorías
No transcurso do concurso re-

partiránse 2.000 euros en metálico para os mellores entroideiros do concello. Distribuiránse en tres categorías diferentes: na de comparsas, integradas por máis de 8 persoas, haberá un primeiro premio de 700 euros e un segundo de 550. Na categoría de grupos, de dúas a 8 persoas, os ganadores recibirán 300 euros e os segundos clasificados 200. Por último, na categoría individual, haberá dous premios; un de 150 euros e outro de 100.

O xurado estará formado por membros de diversas asociacións do concello e por persoas vinculadas ao mundo da cultura e das tradicións. Valorará cuestións como o número de membros, a orixinalidade dos disfraces, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena de cada categoría.

O remate poñerá o desfile de entroido, a lectura de coplas e a tradicional queima do Meco na Praza das Coles.

A SGAE reclama 35.000 € por dereitos do San Roque

O concello de Melide non está para celebracións. O consistorio local recibiu “coma unha xerra de auga fría” o fallo xudicial que o condena a aboar 35.000 euros á Sociedad General de Autores y Editores (SGAE) por non pagar os dereitos de autor das últimas festas do San Roque.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, considera que a noticia chega no peor momento posible “debido á situación económica que atravesamos o concello”. Achaca a condena á negligencia do anterior goberno e desbota en principio a opción de recorrer “porque os avogados non o ven claro”.

Dada a dificultade para facer fronte ao pago, o concello optará por negociar cos representantes da SGAE na zona e tratará de arrancar un acordo que permita reducir nun 25% a cantidade a pagar. “Trataríase de volver ao convenio que rachou o bipartito e que estaba asinado antes da súa chegada

ao poder”, explica Vázquez.

O cartel das festas

O San Roque foi tamén un dos principais temas de debate no último pleno ordinario. O BNG presentou unha moción instando ao equipo de goberno a contratar máis grupos locais de música e baile tradicional para as festas deste ano.

“Non queremos que se repita o que aconteceu en 2011”, reprochou a voceira nacionalista, Socorro Cea. “Por primeira vez non puideron estar nas festas máis importantes do concello. Foi un desprezo para a música tradicional e cóstanos que hai malestar”.

A concelleira de Igualdade e Benestar, M^a Jesús López Mourón, amosou o seu “asombro” pola moción e acusou ao BNG de deixar baleira a conta da asociación que organiza as festas. “Apurastes moito para deixar contratadas as orquestras. Puidestes facer o mesmo cos grupos”, sentenciou.

A ximnasia de mantemento chega ao rural

A ximnasia de mantemento deixará de impartirse exclusivamente no casco urbano da vila. As concellerías de Igualdade e Benestar e de Deportes do Concello de Melide decidiron estender esta práctica deportiva ao medio rural. O obxectivo é dar cobertura ás persoas maiores que teñen dificultades para desprazarse ao centro e asistir ás clases.

As actividades de mantemento xa se están a impartir dende a primeira semana de febreiro nos locais sociais de tres parroquias do municipio:

San Martiño das Varelas, Maceda e Furelos. Segundo o goberno local, decidiuse escoller estes tres puntos “porque se trata de parroquias colocadas estratexicamente ás cales poden acudir persoas de lugares próximos”.

As clases, impartidas polo técnico de deportes do concello, son de balde. Os veciños e veciñas interesados en asistir non precisan facer ningún tipo de inscrición previa. Para acceder á actividade abonda con presentarse no centro social correspondente nos horarios

senalados, que son os que figuran a continuación:

- **Centro social de Furelos:** luns de 9:30 a 10:30
- **Centro social de San Martiño das Varelas:** mércores de 9:30 a 10:30
- **Centro social de Maceda:** venres de 9:30 a 10:30

No que se refire ao caco urbano, haberá clases de ximnasia de mantemento, para todos os veciños que queiran asistir, os mércores en horario de 16:30 a 17:30 horas. A actividade desenvolverase no polideportivo municipal.



Ata agora a ximnasia só se impartía no núcleo urbano



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo

gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 815 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo  CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS

OFICINAS Y COMERCIOS

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

hasta el

40%

descuento

O BNG acusa ao PP de apropiarse dos proxectos do anterior goberno

Denuncia que se atribuíu a instalación de sinais no rural

O BNG de Melide acusa ao actual goberno do PP de vender como propios algúns proxectos que foron aprobados na pasada lexislatura. Denuncia que o executivo local “promove enganar” e centra as súas críticas no cambio de sinais que se está a realizar nas aldeas do municipio.

Os nacionalistas aseguran que foi durante o seu mandato cando se elaborou o proxecto e que incluso se comezaron a colocar os indicadores unhas semanas antes das eleccións municipais.

A través dun comunicado público, O BNG asegura que o executivo local “está mentindo descaradamente aos veciños e veciñas de Melide cun



As sinais comezaron a colocarse en maio de 2011

triste afán publicitario sobre algo que non foron capaces de facer en 16 anos de goberno con maioría absoluta”.

Obras sen executar

Por outra banda, o BNG denuncia que o goberno local non executou ningunha das obras incluídas no Plan de Obras e Servizos (POS) 2011 “a pesar de que o concello tiña a

obriga de telas contratadas antes do 1 de outubro”. Para os nacionalistas isto é un exemplo “da pésima xestión do PP” e emprazan a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, a “explicar os motivos polos que non foi capaz de executar as obras, causando un importante prexuízo aos veciños”. Os proxectos incluídos no POS 2011 contan cun orzamento de 188.487 euros.

FOTO-DENUNCIA

Sinais que fan perder a pista



A xeografía de Melide pode ser un auténtico labirinto para quen descoñeza tanto as parroquias e aldeas do municipio como os camiños que levan ata elas. Non é preciso ir despistado para perder a pista. O desleixo e o abandono fan que os indicadores queden despoñidos da súa función orixinal, orientar, e a miúdo rematen por converterse en pouco máis ca un anaco de chatarra en-

volto polas silvas. Non é preciso facer viaxes moi longas para atopar exemplos aquí e acolá. Agora que se está a acometer unha renovación completa dos indicadores do rural, conviría recordar que tan importantes son os labores de conservación como a propia colocación das sinais. Non se pode situar Melide no mundo se antes non nos situamos nós propios dentro del.

TERRA DE MELIDE

QUEIXOS S.L.

Salvador Carreira Gómez

Orois - Melide (A Coruña)
 terrademelide@deza.com
 www.lacteosterrademelide.com

Tfnos.: **981 80 80 09**
639 88 52 15
 Fax: **981 19 35 31**

O paro sobe na comarca e supera xa a barreira das 1.000 persoas

No ano 2011 o número de desempregados medrou un 7,1%

O 2011 non foi un bo ano para o mercado de traballo na comarca. As consecuencias da crise económica tamén se deixaron sentir na Terra de Melide, onde o desemprego aumentou un 7,16%. O ano pechou con 67 parados máis ca en 2010 e unha cifra record que por primeira vez supera o

milleiro de persoas.

En concreto, son 1.003 os desempregados da comarca rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia, dos que 520 son mulleres e 483 son homes.

Por concellos, o de Toques é o que presenta un mellor comportamento, cun aumento do desemprego do 1,87% e tan só dous parados máis ca en 2010. En total suma 109 desempregados.

Melide evita que as cifras se disparen e rexistra un incremento do 4,66%. En total, había a finais de 2011 no con-

cello 651 persoas sen traballo, o que significa 29 máis ca na mesma data do ano pasado.

Santiso atópase nunha situación moi diferente á dos seus concellos veciños, cun incremento do desemprego do 23,58% no último ano. contabiliza 25 parados máis ca en 2010, unha cifra comparable á de Melide a pesar de ter catro veces menos poboación. En total son 131 os parados do municipio.

Nun termo medio, o concello de Sobrado rexistra 112 desempregados, 11 máis ca o ano anterior.

Iniciativa Xove busca potenciar o talento da mocidade melidense

A xente nova de Melide xa dispón da información necesaria para dar saída ao seu espírito emprendedor. A Consellería de Traballo e Benestar trouxo á vila o pasado 14 de xaneiro o programa Iniciativa Xove, un proxecto que persegue incentivar actividades colectivas na mocidade a través de diferentes subvencións.

O Director Xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, desprazouse ata Melide para participar nun encontro con dúas de mozas e mozos do municipio e explicar as liñas mestras de Iniciativa Xove. O obxectivo do acto foi dar a coñecer o programa, achegar información e asesorar sobre a liña de axudas dispoñibles. Iniciativa Xove financia proxectos de mozos e mozas, motivándoos así a que promovan actividades e desenvolvan o seu espírito emprendedor.

O encontro celebrouse no


Edificio Multiusos e nel participaron tamén a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e a concelleira de Mocidade, Dalia García Couso, quen sinalou que xa hai varias asociacións melidenses vinculadas coa música e co motor que están interesadas nas axudas.

As subvencións

As axudas do programa Iniciativa Xove están dirixidas tanto a asociacións como a grupos sen constituír como colectivo que estean integrados por un mínimo de cinco persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 29 anos. As subvencións cubrirán a totalidade do custo das actividades ata unha contía máxima de 4.000 euros.

No ano 2011 a Consellería de Traballo e Benestar financiou un total de 269 proxectos de participación xuvenil a través de Iniciativa Xove.

Evolución do paro na Terra de Melide



	Melide	Santiso	Toques	Sobrado	TOTAL
■ 2011	651	131	109	112	1003
■ 2010	622	106	107	101	936



ánxeles Vázquez e Ovidio Rodeiro na presentación do programa

Gandeiros da comarca teñen sen cobrar o leite do 2011

O Sindicato Labrego Galego denuncia que varias explotacións gandeiras de Melide, Arzúa e Ordes aínda non cobraron a produción láctea dos meses de decembro a marzo do ano pasado. Asegura que os gandeiros están nunha situación de indefensión e critica a impunidade coa que operan as empresas que recollen o leite e non pagan. O sindicato estima que as débedas alcanzan os 60.000 euros pero considera que hai outras moitas explota-

cións que están nas mesmas circunstancias pero non saíron á luz por temor a que non lles sigan recollendo a produción.

Dende as institucións, a Conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, asegura que fará "o que estea nas miñas mans" para modificar a situación, propoñendo, se é preciso, "modificacións normativas neste ámbito". Engade que a Xunta "non está disposta a consentir abusos na cadea de valor do leite".

NOTICIAS BREVES Solicitar o Carné Xove

Os mozos e mozas melidenses interesados en tramitar o Carné Xove poden facelo no Edificio Multiusos da vila, achegándose á Oficina Municipal de Información Xuvenil, situada na planta baixa do edificio. O Carné Xove está dirixido a persoas entre 12 e 30 anos e permite beneficiarse de descontos nos comercios galegos adheridos ao plan. Inclúe un seguro de balde que cobre moitas das continxencias que xorden nas viaxes.

DNI, agora no Multiusos

Dende aninovo os melidenses que desexen facer ou renovar o DNI deberán dirixirse ao Edificio Multiusos da vila para realizar os trámites previos necesarios. Víñanse efectuando na casa do concello pero dende agora a cita previa solicitarase no Multiusos. Tamén chamando ao teléfono 981 50 79 29. Do mesmo xeito, a Unidade Móvil da Garda Civil que expide o DNI pasará a situarse na Praza das Universidades.

As leccións do cárcere

Dúas profesoras do cárcere de Teixeiro e dous internos, Joana e Paco, visitaron o Instituto de Melide para explicar como funciona o proxecto "Aprender no cárcere". No transcurso dunha charla-coloquio, os internos falan das súas vivencias persoais e abordaron os riscos de caer no mundo das drogas. Transmitíronlles aos alumnos a importancia de aprender dos erros e de elixir o camiño que se quere seguir na vida.

Adxudicación de obras

A Xunta de goberno local aprobou a adxudicación dun dos proxectos incluídos no Plan de Obras e Servizos 2011. Trátase da mellora do aglomerado e da rede de pluviais da estrada entre Piñor e Santiso. Os traballos inclúen tamén o asfaltado da pista de Piñor e das rúas Ourense e Doutor Emilio Piñeiro no casco urbano. As obras foron adxudicadas a Construcións Leonardo Miguelez. Teñen un orzamento de 88.487 €.

Preescolar na Casa retoma a actividade tras catro meses paralizado debido aos recortes

O servizo verase minguado pola redución do cadro de persoal e do orzamento

O programa Preescolar na Casa retomou o pasado 24 de xaneiro a súa actividade en Melide e no resto de concellos da comarca despois dun período de parálise de máis de catro meses. O proxecto educativo volve estar en activo pero o servizo verase minguado con respecto a anos anteriores debido á redución de persoal e á falta de orzamento. Preescolar na Casa debería ter comezado no mes de setembro pero os recortes aplicados pola Consellería de Traballo e Benestar abocaron á fundación a un ERE de suspensión que afectou á metade dos traballa-



Preescolar na Casa en Melide (imaxe de arquivo)

dores, deixando descuberta a Terra de Melide. No mes de decembro o comité de empresa deu o visto e praxe a un novo ERE que deixou fóra a 11

dos 42 mestres e obrigou a modificar a cobertura xeográfica do programa.

Deste xeito, a coordinadora de Preescolar na Casa na co-

marca, Chus Villasante, incorpora o concello de Sobrado ao seu ámbito de cobertura, que xa incluía os municipios de Melide, Toques, Santiso, Arzúa e Boimorto. Villasante explicou, en declaracións a Radio Melide, que tratará de dar “un servizo o máis completo posible” pero que se ve “na obriga de repensar as actividades e facer modificacións”. Engade que “xa non será posible visitar as aldeas, como se facía ata agora”.

Preescolar na Casa é un programa de formación de pais que funcionou de xeito ininterrompido dende 1977. Está dirixido a familias que teñen nenos con idades comprendidas entres os 0 e os 3 anos e non ten custo. Articulase arredor de xuntanzas celebradas cada 15 días nas que as familias comparten dúbidas e experiencias, fan actividades e xogan cos cativos.

Vázquez tenta recuperar a subvención para a Casa da Cultura

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, anunciou que retomará os contactos para tratar de recuperar a subvención pendente para finalizar a casa da cultura. Trátase dunha partida de medio millón de euros que serviría para darlle o empuxón final á parte alta do edificio e rematar unha infraestrutura que leva máis de cinco anos en punto morto. A inversión estaba contemplada nos Presupostos Xerais do Estado para 2011 pero Facenda non deu o visto e praxe por falta de fondos.

A casa da cultura é unha das infraestruturas máis demandadas pola veciñanza de Melide, onde hai moitas agrupacións de música e baile que non dispoñen dun espazo axeitado para ensaiar e actuar.

O Colexio Pastor Barral súmase á campaña dos “Tapóns solidarios”

O colexio número 3 de Melide e o centro social están a participar nunha iniciativa na que se dan a man a solidariedade e a ecoloxía. Trátase da campaña “Tapóns solidarios”, un proxecto que persegue recadar cartos para axudar a pagar os tratamentos de cativos afectados por algunha das denominadas “enfermidades raras”. A iniciativa, desenvolta en toda España, consiste en reunir grandes cantidades de tapóns de plástico para logo vendelos a plantas de reciclaxe e deste xeito obter cartos.

No caso do colexio Mestre Pastor Barral (nº 3), o alumnado está a reunir tapóns para axudar a Paula Nieto, unha rapaza de Boiro de 15 meses. Padece unha doenza chamada agnesia sacra, que consiste nunha malformación da columna vertebral. A cativa xa está recibindo tratamento en Alemaña e dende que comezou a terapia consegue manterse en pé. Para completar todo o proceso necesita 250.000 euros.

O colexio solicita a participación de todas as familias e

veciños para reunir cantos máis tapóns de plástico sexa posible. Pódenos facer chegar a través dos seus fillos e fillas ou ben levalos entregalos directamente na propia escola. Son válidos os tapóns de envases de leite, zume, aceite, xel, deterxentes, licores, desodorizantes e dentífricos.

O Colexio Nº 3 xa enviou antes do Nadal tres caixas e agora ten dous sacos cheos para enviar de novo. A través da empresa Transportes Duco, que presta o servizo de balde,

fan chegar os tapóns a Boiro. Dende alí, a familia de Paula xestiona a venda á fábrica alacantina Acteco. Tamén se pode prestar axuda ingresando donativos na seguinte conta de Novagalicia Banco: 2080-0311-15-3000161584.

Tapóns para Aitana

Tamén se pode participar na campaña “Tapóns solidarios” a través do Centro Social, que se sumou á recollida. Neste caso, o material reunido servirá para axudar a Aitana.



Nenos e nenas de Infantil colaboran na recollida de tapóns

Melide presume de gastronomía e turismo no “Xantar” de Ourense

A terra de Melide exhibiu todos os seus atractivos na XIII edición do Salón Galego da Gastronomía e do Turismo, o Xantar 2012, celebrado en Ourense a primeira semana de febreiro. Durante cinco días, o stand comarcal amosou os atractivos naturais, arquitectónicos e históricos da zona a centos de visitantes. Tamén incluíu produtos típicos como os melindres, ricos e amendoados. Melide, Toques e Santiso presentaron unha oferta con-

xunta que para o concelleiro de Turismo e Promoción Económica, Santos López, “é un exemplo da colaboración entre concellos para potenciar a marca Terra de Melide, que non entende de límites xeográficos entre municipios”. O presidente da Deputación da Coruña, Diego Calvo, tamén visitou o expositor local e resaltou que “a Terra de Melide é un lugar de parada obrigada no corazón de Galicia e no Camiño de Santiago”.



Santos López e Diego Calvo no stand de Melide

SAÚDE BUCODENTAL



Ana Marcos Cardo,
Odontóloga

As moas do xuízo, complicacións e tratamento

Os Terceiros Molares son os últimos dentes en erupcionar e coñécense popularmente como “moas do xuízo”. Aparecen entre os 17 e os 25 anos de vida, unha idade na que ao paciente xa se lle presupón un criterio formado, ou xuízo. De aí o seu nome. A simple presenza das moas do xuízo na boca non implica que teña que haber patoloxía;

poden participar, ao igual ca o resto de dentes, nas funcións normais do sistema. Outra posibilidade é que, por razóns xenéticas, as moas non se formen e nunca cheguen a nacer. A terceira e última posibilidade é que queden atrapadas no óso, de forma parcial ou total, provocando problemas que deberán ser atendidos profesionalmente.


COMPLICACIÓNS DAS MOAS DO XUÍZO

Os terceiros molares son as pezas dentarias que con maior frecuencia se atopan incluídas dentro do óso. Cando unha moa queda retida pode orixinar complicacións de diversa orde:

1. Complicacións infecciosas: poden producirse cando a moa está semierupcionada e só se ve unha pequena parte na boca. Nestes casos é moi frecuente que se forme unha bolsa na enxiva na que quedan acumulados restos de alimentos. A hixiene é moi complicada e acostuma a producirse unha inflamación, seguida dunha infección e a conseguinte molestia.

2. Complicacións mecánicas: en numerosas ocasións a moa non segue unha dirección axeitada de erupción e pode lesionar as moas veciñas.

3. Complicacións traumatóxicas: aparecen cando o terceiro molar inferior debilita considerablemente o ángulo mandibular, o que fai que as fracturas por



O terceiro molar é o último en erupcionar, entre os 17 e os 25 anos

traumas sexan frecuentes a ese nivel.


4. Complicacións tumorais: consisten na formación de quistes ou tumores que poden provocar a destrución do óso da mandíbula ou do maxilar.

PREVENCIÓN E TRATAMENTO


Os inconvenientes antes citados poden ser previstos con **revisións periódicas** no seu dentista, que determinará cal é o mellor xeito de proceder. Por medio dun exame clínico poderase **detectar**

facilmente a posibilidade de retención destes molares. En caso de que así sexa, será preciso extraelos por medio dunha **intervención cirúrxica**.


A extracción dun molar incluído require unha técnica cirúrxica minuciosa por parte do profesional. Realízase xeralmente baixo anestesia local. Despois da cirurxía, o paciente poderá sentir unha pequena inflamación e malestar. Indicaráselle a toma de analxésicos, antiinflamatorios e antibióticos por un curto período de tempo.



En ocasións a dirección de saída non é boa e non poden erupcionar



Son frecuentes as infeccións dos tecidos circundantes da moa



Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATOLOGOS DE A CORUÑA



Coida a túa saúde en Melide

clínica dental

melident
laboratorio propio


- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: 981 507 508 - Rda. de Pontevedra, 67, b. 15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 981 516 601 - Rúa Casal de Munin, 2, b. 15818 BOIMORTO (A Coruña)

 **HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ***

Vilarinho (Sanbreixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35. Fax: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com



CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varala
Fisioterapeuta colg. 992
plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)

Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103




clínica dental zona vela
Tel: 981 505000
Rúa Nova, 6 baixo 15800 Melide

Tfno. 981 50 54 67

Marta González Salgado

Avda. Franco, 17
MELIDE
15800 (La Coruña)

ÓPTICA  **MELIDE**

CENTRO MEDICINA TRADICIONAL CHINA QI
PR-20401-406

Clínica Qi.


José Ayude
Director

Acupuntura y mexibustión
Tuina, osteopatía y tai-chi
Farmacopea y dietoterapia

C/Vicente Risco, 6
15800 - Melide

Clínica do Pé


Ana Isabel Rico Cacharrón
PODÓLOGA
Tfno. Móbil 699 05 69 44

**DIAGNÓSTICO, PREVENCIÓN E
TRATAMENTO DAS AFECCIÓNIS DO PÉ**

Florentino López Cuevillas, 16 - MELIDE (A Coruña)
Tfno. 981 50 70 47

Clínica Médica Rosalmar
Dr. Ángel Riveiro Pérez
Director Médico

Praza das Universidades, 5 BI
15800 - MELIDE
Tel. fax: 981 506 228
Móvil: 696 422 484
angelriveiro@telefonos.net.es

Medicina general:
Adultos, infantil
Análisis clínicos
RX y ecografía
Enfermería/ATS
Reconocimiento médico laboral
Empresas, autónomos
Concierto con: Clases de Seguros médicos privados, Mutuas laborales
Valoración de accidentes/ Daño corporal

ESPECIALIDADES
Traumatología
Urología-Ginecología
Podología-Psicología
Fisioterapia y Osteopatía

Psicotécnico
• Permiso de conducción
• Licencia de armas
• Licencia de seguridad privada
• Licencia de tenencia de animales potencialmente peligrosos
• Operador de grúas / grúa-tan e autotransporte
• Seguridad privada
• Otros

Centro autorizado pola consellería de sanidade con nº de rexistro C-15-001524



Bo servizo cos mellores profesionais

Toques alegará a ampliación da Rede Natura 2000

A Xunta propón que a superficie protexida do concello medre case un 20%

O proxecto de ampliación da Rede Natura 2000 presentado recentemente pola Consellería do Medio Rural acendeu todas as alarmas no concello de Toques. Asociacións de veciños, comunidades de montes e grupos políticos manifestan o seu malestar cun proxecto que elevaría a porcentaxe de superficie protexida do municipio dende o 41,7% actual ata o 61%. En total a Rede Natura afectaría a 4.753 hectáreas de Toques, que pasaría a ser, proporcionalmente, o concello da provincia da Coruña con máis terreo protexido.

O alcalde do municipio, Jorge Calvo (PP), asegura que a ampliación da Rede Natura está a xerar “un gran desconcierto” entre a poboación debido “a la influencia negativa que va a tener en el sector pri-



Vista aérea da Serra do Careón, espazo protexido declarado Lugar de Interese Comunitario

mario, ya que afecta a zonas productivas con parcelaria y explotaciones ganaderas”. Calvo asegura que suporá un freo para o desenvolvemento económico de Toques e xa manifestou a intención do concello de presentar alegacións ao proxecto. A idea foi apoiada

por todos os grupos políticos da corporación no último pleno municipal, celebrado o 30 de xaneiro.

Técnicos municipais xa elaboraron un informe no que se recollen algúns dos inconvenientes que tería para Toques o novo mapa da rede ecolóxica

que a Xunta deberá presentar ante a Unión Europea. O obxectivo agora é estudar máis polo miúdo as limitacións que introduciría a nova Rede Natura para preparar as alegacións e “dar el máximo apoyo e información a los ciudadanos”, indicou o alcalde.

Fronte común

A corporación municipal tamén barallou no pleno a posibilidade de crear un grupo de traballo para estudar a maneira de frear a ampliación da Rede Natura. A idea foi proposta pola concelleira Mónica Penas, de Xuntos Cara ao Progreso de Toques (XCPT), socio de goberno do PP. Penas asegurou que aumentar a superficie protexida do municipio suporía unha “sangría” para Toques e manifestou que “é momento de deixar a un lado as ideas políticas e traballar todos xuntos para defender a postura que ten o pobo”.

Na mesma liña se manifestou o grupo do BNG. O seu portavoz, José Ángel Penas, sostén que “nos venderon moito fume á hora de entrar en zona protexida e agora estamos pagando as consecuencias. Toques non recibiu ningún tipo de compensación dende que está na Rede Natura e vai seguir sen recibila”. Ao mesmo tempo solicitou que tamén se presenten alegacións á creación dun novo Lugar de Interese Comunitario (LIC) na Cova da Serpe.

Localizan en Mourazos os restos da ponte máis antiga sobre o río Ulla

O paso do tempo sumado á falta de sensibilidade botaron abaixo a antiga Ponte de Mourzaos, no Concello de Santiso. Agora, a aparición na beira do Ulla dunha lousa cunha inscrición, rescátaa da memoria e certifica a súa construción no ano 862.

A pedra foi localizada aos pés da ponte actual, en Mourazos, nun tramo no que o Ulla serve de fronteira natural entre os concellos de Santiso e Agolada. Está incrustada na beira do río e só é visible, de xeito parcial, nos meses de verán e no comezo do outono, cando as augas pasan a pouca altura. Trátase do único resto da que sería a ponte máis antiga sobre o Ulla.

A peza descuberta ten un gran valor xa que en toda Galicia só están catalogadas outras tres pontes de orixe medieval: a de Taboada, en Silleda, e as de Toiriz e Losón en Vila de Cruces. A importancia do achado é aínda maior tendo



Foto: aquamlatam.blogspot.com

en conta a práctica inexistencia de restos de construcións medievais, un período moi escuro tamén dende o punto de vista arquitectónico.

Segundo recolle o último boletín publicado polo Museo da Terra de Melide, a descuberta da ponte medieval de Mourazos, xunto coas outras tres catalogadas, “é a testemuña da existencia de vellos camiños,

herdeiros das vías romanas uns e outros, construídos nun pequeno espazo do interior do país galego sobre os ríos Ulla, Arnego e Deza”. A ponte sería tamén a saída máis antiga da Terra de Melide.

A directiva do museo comarcal fai un chamamento ás autoridades para que recuperen a pedra e se expoña ao lado da ponte actual.

Os Muíños Enmeigados, plató de rodaxe por un día



O equipo de Libro de Familia gravou varias escenas no lugar

A beleza do río Ulla e os seus contornos formarán parte en breve da televisiva vila de Santaia. O equipo ao completo da serie Libro de Familia, da TVG, trasladouse o pasado 24 de xaneiro ata Santiso para facer de Os Muíños Enmeigados o seu escenario de rodaxe. O complexo arquitectónico de Ponte Arcediago, recuperado e convertido agora en restau-

rante, foi escollido para rodar varias escenas que se incluírán nos próximos capítulos.

Os Muíños Enmeigados súmanse así ás localizacións exteriores desta serie de éxito, para a que o casco histórico de Melide tamén vén sendo lugar de gravación dende os seus inicios no ano 2005. Recente-mente o equipo tamén rodou nos pendellos de Agolada.

O TSXG decidirá quen é o novo xuíz de paz de Toques

O concello de Toques terá que agardar para coñecer o nome do novo xuíz ou xuíza de paz. A votación realizada na última sesión plenaria para escoller a persoa que ocupará o cargo resultou infrutuosa e terá que ser o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) quen decida.

Para o posto presentáronse catro candidatos. A lei esixe que a persoa elixida obteña a maioría absoluta de votos dos membros da corporación. Tal circunstancia, por primeira vez na democracia de Toques, non se deu nesta ocasión.

Os concelleiros, que votaron de xeito individual e secreto, outorgaron 4 votos a Sara Villamor Busto, 3 a Manuel Buján Mosteiro e 1 a Carlos Mato Salgado. A maioría absoluta está en 5 votos. Un dos membros da corporación non

participou na votación por ter parentesco con un dos candidatos. Ao non cumprirse o estipulado na lei, o proceso será remitido ao TSXG para que emita un ditame.

Taxa sen aplicación

Á marxe das cuestións relativas ao Xulgado de Paz, a corporación aprobou por unanimidade crear unha taxa pola tramitación de expedientes para legalizar edificacións que están fóra de ordenación. Estableceuse o pago dun euro por metro cadrado. A taxa, con toda probabilidade, nunca chegará a aplicarse: a data límite para legalizar os inmobles é o 30 de marzo e os prazos administrativos impedirán que estea aprobada definitivamente antes dese día. O pleno tamén acordou prorrogar os orzamentos de 2011.



Momento do pleno celebrado o 30 de xaneiro

Toques demanda melloras nas instalacións deportivas



Os técnicos comprobaron in situ como chove no polideportivo

Técnicos do departamento de Cultura e Deportes da Deputación da Coruña desprazáronse ata Toques para coñecer de primeira man as necesidades que ten o concello en materia deportiva. A visita incluíu un percorrido por varias instalacións municipais e unha reunión co goberno local na que o alcalde, Jorge Calvo, aproveitou para realizar algunhas demandas.

O rexedor amosoulles as goiteiras do pavillón polideportivo e fixo especial fincapé na necesidade de reparar a cuberta e mellorar a drenaxe, así como de arranxar os vestiarios mailo portón lateral do edificio. Por outra banda, demandou acometer a renovación da herba do campo de fútbol e do entorno da piscina municipal. Sobre esta instalación, os técnicos

da Deputación confirmaron que de cara ao próximo verán se conectarán as placas solares para aumentar a temperatura da auga. Os paneis foron instalados xa hai tempo pero ata agora nunca foron utilizados.

Outro dos compromisos foi o de homologar todas as sinais das rutas de sendeirismo que transcorren polo municipio. Tamén se barallou a posibilidade de establecer un convenio entre o INEF e Toques para que os alumnos que estudan Educación Física realicen prácticas no municipio, contribuíndo así a mellorar os servizos deportivos que se prestan.

Jorge Calvo tamén demandou novo equipamento para o ximnasio municipal e manifestou a intención do concello de recuperar a escola de tenis.

Santiso perde tres liñas de subvencións

O concello de Santiso non poderá optar, cando menos, a tres liñas de axudas do goberno autonómico por non presentar a tempo os orzamentos dos últimos anos ante o Consello de Contas.

Santiso foi un dos 35 municipios de Galicia que non cumpriu os novos requisitos que a Xunta lles puxo aos concellos para poder recibir subvencións. A nova norma do goberno galego puxo como esixencia fundamental o ter remitido ao Consello de Contas os presupostos correspondentes aos últimos exercicios, comezando polo de 2010; unha obriga que Santiso non foi quen de cumprir.

O alcalde, Fernando Suárez, sinala que o retraso se debeu a que “tiñamos moito traballo acumulado porque estaban sen presentar todos os orzamentos dende 2008”. Engade que “o prazo para solicitar a primeira liña de axudas rematou só catro meses despois de acceder ao goberno e nese tempo foi imposible sacar os presupostos adiante. Non demos feito máis”.

O pasado 7 de febreiro a Comisión de Contas do concello dáballo o visto bo aos orzamentos, que serán remitidos en breve ao ente fiscalizador autonómico. Xusto dous días antes de rematar o traballo, vencera o prazo para solicitar outras dúas liñas de axudas.

Vinte mozos fórmanse para ser operarios de almacén

O Edificio Multiusos do concello de Toques acolle dende o pasado 6 de febreiro un curso de operario de almacén orientado a persoas entre 18 e 35 anos en situación de desemprego. Nel están a participar máis dunha vintena de mozos e mozas do propio concello de Toques e tamén dos de Melide, Santiso, Sobrado dos Monxes e Touro.

O curso, financiado conxuntamente polo Fondo Social Europeo e a Deputación da Coruña, consta de 400 horas de formación; 250 teóricas e 150 prácticas. Durante ese tempo, o alumando aprenderá

cuestións como a preparación de pedidos, a elaboración de diagramas de movemento no almacén, o control de inventarios, a elección óptima dos equipos, o manexo da maquinaria e a prevención de riscos laborais dentro das naves.

O curso está incluído dentro do programa Rede Xiana da Deputación, que busca fomentar o emprego en municipios de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña. O obxectivo é dinamizar a súa base económica e reducir os desequilibrios e a desigualdade de oportunidades entre as zonas urbanas e as rurais.



O alumnado atende ás explicacións o día da presentación

O Camiño Francés será rehabilitado

A Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés, integrada por 11 concellos, promoverá a rehabilitación integral da ruta ao seu paso por Galicia. Na última sesión plenaria deuse luz verde á adjudicación da redacción do proxecto por un montante de 43.000 euros. O plan de acondicionamento do camiño intentará sacar adiante unha mellora de todo o itinerario coa fin de que presente unha imaxe homoxénea. Quérese evitar así o impacto visual no peregrino ao pasar dun municipio a outro.

Sobrado optará a converterse en reserva mundial da biosfera

O concello de Sobrado acaba de recibir o visto e prace para unirse á Asociación As Mariñas – Betanzos e formar parte, xunto con outros 17 municipios da provincia da Coruña, da candidatura a reserva mundial da biosfera.

A entidade supramunicipal quere presentar dita candidatura ante a Unesco o próximo mes de setembro en París. Antes deberá enviar o proxecto á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente para obter a súa conformidade. As Mariñas – Betanzos atópase nunha fase de traballo na que está intentando obter o máximo apoio institucional posible para darlle máis forza ao proxecto. De momento xa conseguiu o respaldo da Deputación provincial.

Os 18 concellos incluídos na candidatura manterán en breve unha reunión conxunta para planificar a folga de ruta coa que intentarán obter o recoñecemento da Unesco. A di-



A lagoa de Sobrado é un referente de biodiversidade

rectiva de As Mariñas – Betanzos considera que a declaración de reserva mundial da biosfera sería un gran revulsivo para os concellos implicados e posibilitaría revitalizar as economías locais aproveitando os recursos do entorno. Entre as funcións que deben cumprir as reservas están as de protexer e manter as espe-

cies e as paisaxes de cada territorio promovendo un desenvolvemento sostible.

Ademais de Sobrado dos Monxes, forman parte da candidatura Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

A Delegada da Xunta asegura o arranxo da estrada AC-934

Belén do Campo, a Delegada Territorial da Xunta na provincia da Coruña, comprometeuse a “traballar de xeito intenso” para atender no menor prazo posible as demandas do concello de Sobrado. Entre elas está o arranxo da estrada AC-934 ao seu paso polo municipio, unha proposta feita polo alcalde, Jacobo Fernández, no trans-

curso dunha reunión de traballo entrámbolos dous dirixentes. Do Campo e Fernández analizaron a situación dos diferentes proxectos que desenvolve a Xunta na comarca e valoraron as posibilidades de actuación no municipio que ofrece a nova convocatoria de axudas do Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM).



Belén do Campo e Jacobo Fernández

Prazos do programa de termalismo social e ITV

Os veciños e veciñas de Sobrado que queiran participar no programa Termalismo Social do Imsero 2012 aínda están a tempo de inscribirse. O prazo para solicitar estancias en balnearios a partir do mes de agosto está aberto ata o 16 de maio. Os interesados poderán anotarse nas oficinas municipais ou a chamando ao teléfono 981 78 75 08 e preguntando polo departamento de Asuntos Sociais.

Xa pechou o prazo para gozar deste programa entre os meses de febreiro e agosto. Termalismo Social do Imsero ofrece estancias de 10 ou 12 días en balnearios de toda a xeografía española.

ITV

A Unidade Móbil de Inspeccións Técnicas revisará os ciclomotores de dúas rodas e máis de tres anos e as motos e quads de máis de catro anos o próximo 28 de febreiro. Será de 9 a 13 horas diante do Polideportivo Municipal.



INMOBILIARIA MELIDE MEDICIONES

¡¡APROVEITA AGORA!!

Regulariza a situación da tua casa, garaxe, establo, palleira,...etc. ou calquera outra construción que non teñas licencia.

INFORMATE EN:

INMOBILIARIA MELIDE MEDICIONES

Ronda da Coruña nº68 baixo Izq.
15800 Melide (A Coruña)
Telefono 981 93 51 08

**Grandes ofertas
de
Colchones**

Packs de
descanso

Canapés
Somieres
Colchones

Visítenos en:
C/ Martagona, 13
MELIDE

Ofertas en
Electrodomésticos
Zona oportunidades



350 €



499 €
Somier



Packs
460 €



Melide tende unha ponte entre a cultura común de Galicia e Brasil

Preséntase na vila un ensaio sobre as obras de Neira Vilas e Rachel Queiroz

Galicia e o estado brasileiro do Ceará da man. O océano é ben pequena distancia cando falamos da cultura compartida entre as dúas terras. A distancia, a que non existiu na presentación en Melide do ensaio literario de Cleudene de Oliveira, un traballo que recolle as asombrosas semellanzas entre a obra dos dous narradores por excelencia de Galicia e do Ceará: Xosé Neira Vilas e Rachel de Queiroz.

O acto, celebrado no Edificio Multiusos, contou con numeroso público e dous convidados de excepción: o propio Neira Vilas e a autora do estudo, a brasileira Cleudene de Oliveira. Durante algo máis de hora e media afondaron nas constantes comúns das obras máis recoñecidas de ámbolos dous autores: *Memorias dun neno labrego* e *Querido Tomás*, de Neira Vilas, e *O Quinze* máis *Dora Doralina*, de Queiroz.

A paisaxe, a pobreza, as crenzas, os costumes, a emigración e a consciencia crítica do pobo forman parte dunha identidade literaria compartida polos autores. "Eles son os voceiros da súa terra e a súa obra é un retrato moi completo da época que viviron", explicou De Oliveira, "pero tamén son narradores artifi-



Neira Vilas, Vázquez, Cleudene de Oliveira e Dolores Gómez

ces, porque emigraron, aprenderon e volveron para contar historias alleas".

Cleudene de Oliveira, profesora universitaria de literatura hispanoamericana, fai un minucioso despece de dúas realidades tan próximas. O libro, editado por Edicións do Castro, leva por título *Neira Vilas e Rachel de Queiroz, fabuladores artífices*. Unha ponte entre Ceará e Galicia.

Cultura compartida

"A relación entre Galicia e Brasil é moi grande e vai máis alá". Foron estas unhas das primeiras palabras na intervención de Xosé Neira Vilas, que repasou con brillantez as semellanzas culturais de ámbolos dous territorios, destacando o papel dunha lingua en común: "debemos asumir que temos un idioma de gran extensión, un idioma de seu. Non o teñen nin os EEUU, que falan de prestado". Coma en Galicia, no Ceará tamén hai cancioneros, e regueifas, e

centros de peregrinación, e un sector primario forte. "Ata pallan, os homes tamén, e a gaita non lles é allea", concluíu o autor de Vila de Cruces. Dous pobos unidos cunha ponte sobre o Atlántico.

O acto serviu tamén para recordar a figura do recentemente falecido Isaac Díaz Pardo, que a Concelleira de Cultura, Dolores Gómez, definiu como "un exemplo de compromiso con Galicia".



Portada do libro

Invernovespas trae a Melide a esencia dos 60



O moteiros demostraron que a Vespa é un vehículo multiusos

Polo menos unha vez ao ano Melide viaxa no tempo, e faíno sobre dúas rodas. A vila acolleu o pasado 29 de xaneiro a IV edición de Invernovespas, a concentración galega de motos vespas. O evento, que coincidiu coa feira grande de Melide, recuperou durante unhas horas os sons, as cores e o ambiente dos anos 60. Trouxo tamén consigo ás rúas da vila, ateigadas de xente, os recordos dunha época.

Arredor de 150 persoas participaron en Invernovespas,

que contou coa presenza de clubs chegados de diferentes puntos de Galicia: Vespeinados Scooter Club, de Vigo, Scuter Clú, de Cuntis e Club Vespa Lambreta de Ourense.

A xornada comezou sobre as 11:00 horas no Palacio de Congresos, o quilómetro cero da concentración, e continuou cunha marcha por varias rúas de Melide que finalizou cunha xuntanza diante do Edificio Multiusos. Para pechar os actos celebrouse un xantar no que se repartiron trofeos.



Tfno.: 615 360 089
Avda. de Lugo, 83
15800 MELIDE (A Coruña)
carrizodistribuciones@gmail.com

Atópanos en
MERCAMELIDE

Domingo 12 de febreiro
servimos COCIDO
Os mellores produtos da
terra, filloas e café
15 euros

(Reservas: 981 507 510 / 615 360 089)

XORNAL CERNE

**Departamento de
publicidade**

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com

MOBLES ARES **MES DO SALÓN COMEDOR**



DESCONTO **40%** DE ATA UN



MOBLES ARES

Ronda de A Coruña, 62 / Rúa Florentino López Cuevillas, 12
Teléfono: **981 50 55 64** - 15800 MILLER (A Coruña)

ABERTO OS DOMINGOS DE 10:00 A 14:00 H.

Froito Novo, unha agrupación para a historia

O grupo cumpre 40 anos sendo o gran referente da música e do baile tradicional

Corenta anos non se poden resumir nunha longa conversa unha tarde de inverno. Moito menos na folla dun xornal. Ramón Martínez e Moncho Méndez son conscientes de tal limitación e por iso se laian de cada anécdota, de cada proeza que queda no tinteiro ao relataren as catro décadas de historia de Froito Novo. Eles, que viron nacer e medrar o grupo, ao tempo que as súas vidas, dende os inicios ata o día de hoxe. Ramón dende 1972, o ano da fundación. Moncho dende 1975.

“Comezamos a tocar na sancristía do convento dos Padres Pasionistas. Eu tiña 11 anos. Sempre me deu clase Gabriel dos Garceiras”, comenta Ramón, orgulloso de ter tan ilustre mestre. “Aprendemos cuns punteiros que traía el. Alí pasabamos todos os rapaces as fins de semana metidos, ensaiando”. Certo é que o xermolo de Froito Novo está no convento dos Padres Pasionistas. O visionario e impulsor de tal proxecto foi o Padre Jorge, “quen pensou que sería boa cousa para Melide ter un grupo de gaitas que tocasse para o conxunto de baile que xa existía”. Axiña comezaron os contactos con Manolo Parrado e Mingos, artífices tamén de Froito Novo. O proxecto saíu adiante a nacemento así, en 1972, a primeira agrupación de música e baile tradicional de Melide, todo un referente para as xeracións vindeiras.

Un feixe de anécdotas

Como grupo histórico e consagrado que é, Froito Novo forma parte xa tamén do anecdotario popular. “Ata nos botaron a culpa da morte de Franco”, comenta Moncho sorrindo. “Dinse moitas cousas”, engade Ramón, “pero certo é que tocamos para o Caudillo na súa última visita a Galicia antes de morrer”. Corría o ano 1975 e Froito Novo foi invitado ao mítico Pavillón dos Deportes da Coruña para actuar



Froito Novo acompañados polos Garceiras



Os membros da agrupación nas festas do San Froilán 2011

nunha homenaxe ao chamado Generalísimo. Dise que foi tan fabulosa a actuación, que Franco morreu ca emoción de escoitala. Outras versións son menos idílicas e apuntan a que foi a rabia a que matou ao ditador por non soportar a idea de que os seus contrarios (politicamente falando) tocasen e bailasen tan ben.

Fose como fose, eran aqueles tempos nos que medraba coma a escuma o prestixio e a fama de Froito Novo, que chegou a superar nos seus mellores momentos os 100 membros. En 1976 saíu ao mercado o seu primeiro single, Esperta Galicia, un recital de

poesía con fondo musical de gaita gravado en Madrid. Tres anos máis tarde sacaron o LP Homenaxe aos gaiteiros populares galegos, que lles valeu a candidatura aos Premios da Crítica Galega. Parte do traballo foi incluído no álbum Os nosos éxitos, un compilatorio editado pola prestixiosa discográfica Movieplay. Non houbo traballos de estudo máis alá dos 70 porque, segundo indica Ramón, “nós somos máis de rúa”. E polas rúas de toda Europa levaron a súa arte.

Gaitas para Thatcher

Foron tamén aqueles os tempos das xiras internacionais

que levarían ao grupo por toda a xeografía española e boa parte de Europa.

En 1975 arrincaron as bágoas dos emigrantes galegos en Suíza e no 1979 fixeron unha xira polo Reino Unido que tivo como espectadora de honra á daquela primeira ministra Margaret Thatcher. “Non sei como foi que rematamos tocando diante da súa casa e saíu á ventá para ver o que estaba pasando”, explica Ramón. Aquela xira deu máis de si e Froito Novo meteuse nos forxares de miles de británicos tras gravar un anuncio para a BBC. Tamén fixo o propio en España ao compartir

escenario con Torrebruno e participar nun dos programas máis exitosos da década dos 70; La Guagua, de TVE.

Non faltarían por percorrer tampouco Portugal, Holanda, Polonia e Francia, onde congregaron a dúzias de persoas nun concerto improvisado aos pés da Torre Eiffel.

Auténticos pioneiros

Por efecto de tanta viaxe ou debido a unha gran capacidade de iniciativa, Froito Novo foi o responsable da posta en marcha da Romaría Internacional, un evento que durante moitos anos trouxo a Melide cada mes de xullo a mellor representación de grupos de música tradicional do continente. É só un dos campos nos que este grupo foi pioneiro. A el débese tamén a creación da Asociación de Gaiteiros Galegos, que conserva a sede social en Melide e que celebrou as primeiras reunións na casa de Mingos de Pita.

Non hai evento que se celebre en Melide no que non estivera presente Froito Novo dende os seus inicios. O arquivo de carteis e fotografías que garda Moncho como ouro en pano, testemuñan que non faltaron ningún ano na programación das festas de San Roque dende 1976. Outro tanto acontece coa Semana da Música da Terra de Melide.

Por seren, son pioneiros ata nas homenaxes, xa que non hai outro grupo en activo en toda a volta ao que se lle teña dedicado unha rúa. Foi con motivo do seu 25 aniversario. Pasaron quince anos dende entón. Na rúa Froito Novo segue a transcorrer a vida de Melide en forma de persoas, vehículos e casas. No grupo Froito Novo segue a estar o mérito de ser a formación da que xurdiu o vasto e saudable tecido de música e baile tradicional que existe hoxe en día.

Corenta anos despois continúan a ser unha institución con nomes propios, os dos seus integrantes: Moncho e Cristina, tamborileiros; Chéché, bombo; Ana e Lucía, pandeireteiras; e tocando na gaita: Ramón, Pulgui, Isidro, Manu, Laura, Manuel e Juan. Unha institución cun desexo de aniversario: “que se remate a Casa da Cultura e Melide teña por fin unhas instalacións á altura do que merece”.

Un longo camiño en imaxes



Cando o mundo de Froito Novo aínda xiraba en branco e negro



Á chegada das Illas Canarias, recibidos polo alcalde Manuel Pampín



No Castelo polas festas do Carme



Facendo festa en París no ano 1975



Non todo foi tocar e bailar; Froito Novo tamén tivo un equipo de fútbol sala



A agrupación en Ribadeo

Preséntase en Melide o número 51 da Revista Galega de Educación

Está dedicado aos xoguetes tradicionais, un campo no que a vila é o referente de toda Galicia

Melide foi o lugar escollido para a presentación do número 51 da Revista Galega de Educación, dedicado aos xoguetes tradicionais e á súa utilidade nos tempos de hoxe. O movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, quen edita a publicación, elixiu a Terra de Melide para o lanzamento do seu último número por ser “un dos focos máis dinámicos de recuperación dos xogos e xoguetes tradicionais galegos”.

Na mesma idea coincidiu Paco Veiga, membro da Asociación Galega do Xogo Popular, durante a presentación da revista no Edificio Multiusos. Veiga asegurou que Melide foi un dos primeiros lugares en traballar pola recuperación do patrimonio lúdico galego e sinalou que continúa a ser “un referente” neste campo.

Recordou ademais que os xogos populares da Terra de Melide foron xa obxecto de investigación en 1933, cando o



Acto de presentación da revista no Edificio Multiusos

Seminario de Estudos Galegos publicou no volume titulado Terra de Melide un estudo sobre o patrimonio lúdico tradicional da comarca. A publicación foi da autoría de Vicente Risco e contou coa participación de grandes figuras da cultura galega como Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Antón Fraguas, Lois Tobío ou o polígrafo Ben-Cho-Shey.

Paco Veiga tamén destacou a colaboración do Concello de Melide coa Asociación Galega do Xogo Popular e sinalou que “sempre nos arroupou, independentemente da cor política do goberno”. Pola súa parte, a alcaldesa do municipio, Ánxeles Vázquez, convidou tanto á

asociación do xogo como á Nova Escola Galega a “seguir amosándolle aos máis cativos eses xogos fantásticos nos que non só se pelexan cunha máquina, porque de maneira colectiva faise unha infancia máis feliz”.

O número 51 da Revista Galega de Educación aborda o patrimonio lúdico dende diferentes ópticas e conta coa colaboración de especialistas bretóns, aragoneses, cataláns, valencianos e portugueses, ademais dos galegos. Con esta revista a Nova Escola Galega retoma as publicacións ordinarias despois dos contidos especiais do número 50 con motivo da celebración do seu vinte e cinco aniversario.

Sae á venda o primeiro disco da Coral Polifónica de Santiso

Hai algo máis dun ano que os membros da Coral Polifónica de Santiso viron cumprido un dos seus soños: gravar un disco. Agora esa realidade cobra unha nova dimensión e o primeiro CD desta formación musical sae á venda. Pode mercarse en Muxica Tenda Xoven, en Melide, e tamén a través de calquera dos integrantes da Coral.

O primeiro disco da Coral Polifónica de Santiso leva por título “Soños e ilusións”, un nome que describe á perfección a razón de ser deste traballo. Segundo explica o director da formación, Juan Carlos Mazás, “a maior parte

da xente da coral son persoas maiores que tiñan unha especial ilusión por realizar unha gravación para poder escoitarse. Ese foi o motivo que nos levou a poñernos mans á obra”.

Non foi necesario desprazarse moito para atopar o estudo de gravación perfecto. “Escollemos a capela de Santa María de Novela porque ten boa acústica e está nun lugar arredado onde non había ruidos que puidesen interferir”, comenta Juan Carlos. “Tivemos que aguantar o frío e algún catarro, pero o resultado foi bo”. Á fronte de todo o proceso estivo Pablo Barreiro,

técnico da Radio Galega.

A Coral de Santiso fundouse no ano 2004 por iniciativa dun grupo de veciños que quixeron dar pulo á tradición musical do municipio e recuperar unha formación polifónica coma a que houbera en Visantofa. Procuraron un director e atoparon a Juan Carlos Mazás, un profesional residente en Melide e vinculado a Santiso que está á fronte do grupo dende o día da súa formación.

A gravación deste disco é unha mostra máis da boa saúde da que goza a música en Santiso, que ten o privilexio de ter, ademais da coral, a banda máis antiga de Galicia.

Os troiteiros fixan as actividades para 2012

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” continuará apostando ao longo de 2012 pola conservación do medio ambiente, a formación e o lecer. Así o reflicte o programa de actividades aprobado para o presente exercicio no transcurso da IX Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o pasado 21 de xaneiro no Edificio Multiusos de Melide.

A conservación do Furelos e do Catasol seguirá centrando parte dos esforzos dos troiteiros, que continuarán cos labores de mantemento de sinais do couto e dos vedados de ámbolos dous ríos. Na mesma liña, repetiránse un ano máis as Xornadas de Limpeza do Río Furelos, que van xa pola oitava edición. Celebraranse os días 25 de agosto e o 1 e 8 de setembro. A asociación tamén participará na campaña primavera – outono do Proxecto Ríos, organizada por Adegas e no proxecto Limpeza Simultánea de cursos fluviais que promove esta asociación ecoloxista.

O VIII Campionato de Pesca

Terra de Melide celebrarase o 14 de abril. O 2 de xuño terá lugar unha xornada de pesca e ceiba. No caso dos cursos, organizarase o Master de Campións de pesca a mosca o 5 de maio. Tamén se repetirán as xa tradicionais clases de montaxe de culleriña e montaxe de mosca. Serán todos os sábados dos meses de outubro e novembro. Todas as actividades serán difundidas no seu momento a través da rede, dos medios de comunicación e do reparto de carteis.

Máis socios

Na asemblea xeral acordouse manter para 2012 as condicións vixentes ata agora para os socios, que suman un total de 390, dezaseis máis ca o ano pasado. Deste xeito, seguirán exentos de pago os membros maiores de 65 anos, os menores de 18 e os que acrediten estar no paro. Todos os socios teñen dereito a tres días de pesca gratis durante a tempada. Tamén se conserva o prezo reducido de dous euros para os coutos.



A directiva deu conta dos proxectos para 2012

Axenda de concertos

PUB GATOS

- 24 febreiro: Cats & Monkeys (01:00 h.)
- 25 febreiro: Mota (00:00 h.)
- 3 marzo: Dr. Sapo (01:00 h.)
- 9 marzo: Mitocondrias (01:00 h.)

SALA 600

- 24 febreiro: The Highlights, Bob Dylan Tribute (00:00 h.)

Paixón polo fútbol en Santiso

19 parellas participan no 1º campionato interparroquial organizado por Aires da Beseña

Os emparellamentos xa están decididos e toda a maquinaria engraxada. Só falta que se dispute a fase final para coñecer o nome da parroquia gañadora do primeiro campionato interparroquial de fútbol celebrado en Santiso.

Será o próximo 11 de febreiro na escola de Novela, convertida en estadio municipal resgardado das ondas de frío. O torneo, organizado pola Asociación Aires da Beseña, comezou o 28 de xaneiro coa participación de 19 parellas que representan as diferentes parroquias do concello.

A idea de poñer en marcha a iniciativa xurdiu, segundo indica o presidente de Aires da Beseña, Pablo Balboa, “para socializar en tempo de inverno, xuntarse e pasalo ben”.



A competición estase a celebrar na Escola de Novela

O único requisito que se puxo para participar foi o de ser residente en Santiso. “O fútbol ten moita demanda”, comenta Pablo, “e malia os escasos recursos da asociación, puídemos mercar un. A intención é continuar con este tipo de actividades”.

As dúas primeiras fins de semana de competición tiveron desenlaces ben diferentes. No grupo 1 a loita estivo moi apertada entre as parellas das parroquias de Pezobre e Barazón por saber quen pasaba á seguinte rolda. Finalmente ga-

naron os de Pezobre; Javi e Marcos. No grupo 2, a eliminación prematura de San Román e de Visantón con cero puntos restoulle emoción á competición. Na fase final están agora 14 parellas que se enfrontarán do seguinte xeito: Mourazos - Vimianzo, Novela - Ponte, Beigondo - Serantes, Belmil - Rairiz, Liñares - Santiso, Pezobre - Ribadulla e Pezobrés - Barazón (repesca).

A directiva de Aires da Beseña agradece a colaboración do Bar A Boa Viña e a dos participantes do torneo.

Xacarandaina virá en maio a Melide co seu novo traballo

Unha das agrupacións tradicionais con máis bagaxe do panorama galego, Xacarandaina, estrea novo espectáculo este ano: Galicien Amerika Linie. A montaxe recalará na vila de Melide o 19 de maio dentro das actuacións do programa Danza 3, que achegarán a música e o baile galego a nove vilas próximas aos camiños de Santiago.

Galicien Amerika Linie xira arredor da emigración e inclúe fotografías, vídeos e gravacións sonoras procedentes dos

arquivos do Consello da Cultura Galega, do Centro Galego de Artes da Imaxe e da propia agrupación.

Ademais de Xacarandaina, participan no programa Danza 3 as asociacións Cantigas e Agarimos e O Fiadeiro. A primeira levará o seu espectáculo Lela, unha achega ao personaxe de Castelao, a Xinzo de Limia, A Estrada e Palas de Rei (24 de marzo). A segunda, cunha montaxe sobre oficios tradicionais, estará en Tui, Padrón e Arzúa (4 de marzo).



Actuación de Xacarandaina na Mostra de Danza de Galicia

A obra dos artistas locais

Para ver auténticas obras de arte non é preciso acudir a museos de renome; os melidenses teñen oportunidade de facelo no Edificio Multiusos. Ese foi o lugar escollido para instalar a exposición cos cadros elaborados polos alumnos da Escola Municipal de Pintura. Poderase visitar ata o 24 de febreiro en horario de tarde entre as 17:00 e as 21:00 horas. A mostra está integrada por un total de 68 cadros e debuxos de estilos e temáticas moi variadas.

Na Escola Municipal de Pintura, dirixida por Maximiliano López, participan 48 alumnos de todas as idades, dende cativos de 6 anos ata xubilados.



Concurso de debuxo para nenos en Madame Chocó

A repostería e a pintura poden cadrar ben. Así o considera, polo menos, Madame Chocó. Ao pouco tempo de abrir as súas portas, este salón de té melidense comeza a dinamizar tamén a vida cultural da vila e convoca un concurso de debuxo infantil.

Os traballos poden presentarse ata o día 17 de febreiro no propio establecemento, situado na Rúa San Pedro 5, en Melide. Deben conter algún elemento relacionado con Madame Chocó: as súas galletas, pasteis, cupcakes, biscoitos... ou mesmo o propio local e o seu nome. Ademais, tamén debe figurar o nome completo do rapaz ou rapaza, a dirección e un teléfono de contacto. Só se poderá presentar un debuxo por participante.

Os premios

Entregaranse tres premios, todos eles moi doces, para os ganadores do certame. Consistirán en tres cestas, valoradas en 40, 30 e 20 euros, con pro-

ductos de Madame Chocó: galletas con forma de corazón, de flores de chocolate, mini-biscoitos e unha variedade de divertidas cupcakes. Irán acompañadas por un diploma.

Tamén haberá dez mencións para os debuxos máis orixinais. Os seus autores recibirán galletas de chocolate aderezadas tamén co seu correspondente diploma. A entrega de premios realizarase a tarde do sábado 18 de febreiro, no propio local de Madame Chocó.

Esta é unha das actividades máis recentes do salón de té melidense, cuxa filosofía vai máis aló do puramente hostaleiro. Ante a chegada do Día dos Namorados, ofertará menús por primeira vez na súa curta historia: trátase de ceas románticas para dous con reserva previa. O local está dispoñible tamen para outro tipo de eventos, ben sexa celebracións de aniversarios, bautizos ou despedidas de solteiros. Son frecuentes tamén as catas de viños e champagnes.

Casa Alongos leva “Vinos y sentidos” ao Forum da Gastronomía de Santiago

O proxecto “Vinos y sentidos”, creado por Casa Alongos hai dous anos, dá un salto cualitativo e celebrarase este ano en Santiago, no marco do Forum Gastronómico. Será o 27 de febreiro, na Sala Ateneo do Pazo de Congresos compostelán, entre as 4 e as 5 da tarde.

“Vinos y sentidos” é un obradoiro gastronómico e musical que combinará a cata de viños naturais e de castes autóctonas con creacións gastronómicas e boa música. O acto contará coa participación do cociñeiro Alexandre Pereira, de QChef, e do reposteiro Miguel Gil, de Pastelería Doce. A parte musical correrá a cargo da cantautora e artista multidisciplinar Cardigan Bridge, que interpretará temas entre cata e cata.

Tres alumnos de Escuela Ayude irán ao nacional de loitas olímpicas

Bruno Agra, Cora Ayude e Xandre Freire forman parte do equipo galego

O días 11 e 12 de febreiro celebrárase en Murcia o Campionato de España de Loitas Olímpicas. A Escuela Ayude estará representada por Bruno Agra, Cora Ayude e Xandre Freire, que foron escollidos para formar parte da selección galega tras realizar un bo papel no campionato autonómico que se celebrou o pasado 21 de xaneiro en Pontevedra.

Bruno Agra foi o loitador máis destacado ao facerse con dous ouro tras vencer a todos os seus rivais por touch, tanto na disciplina libre olímpica como na grecorromana. Este



Ayude, Freire, Adán, Agra e o técnico Adolfo Prieto

resultado impecable, xunto cunha boa técnica e unha coraxe innegable, fixo que os xuíces lle outorgasen o trofeo ao mellor loitador do torneo, certificando así a súa presenza no campionato de España.

Pola súa banda, Cora Ayude fíxose co ouro en loita libre olímpica e tamén estará na

competición nacional. Completou a colleita de metais Xandre Freire, co bronce en loita grecorromana. O melidense competiu nunha categoría superior e deu mostras da progresión técnica acadada no seu primeiro ano de adestramentos no Centro de Tecnificación de Pontevedra.

Esgrima, unha disciplina que segue dando alegrías

A pesar de ser a última das disciplinas que a Escuela Ayude incorporou á súa oferta formativa, a esgrima non deixa de dar satisfaccións ao equipo técnico do centro e aos seus alumnos.

A última chegou na derradeira fin de semana de xaneiro, cando a Federación Galega de esgrima invitou ao centro melidense a formar parte do equipo que representará a Galicia no Campionato de España de Espada en categoría escolar. A competición celebrábase o 18 de febreiro en Valladolid.

A invitación produciuse logo da boa actuación que os sete tiradores da Escuela

Ayude realizaron en Santiago durante o ranking autonómico de esgrima na modalidade de espada e categoría M15.

A pesar de ser a segunda competición oficial na que participaban e de competir nunha categoría superior á que lles correspondía por idade, os deportistas melidenses sorprendéron aos membros da federación galega pola súa melloría técnica en tan breve espazo de tempo.

Iso foi o que os levou a invitar ao equipo de Melide para asistir ao torneo nacional. Agora, os alumnos de Escuela Ayude prepararán a cita conxuntamente con outros tiradores da Coruña.



O equipo de esgrima en Santiago co técnico Jose Ayude



Gran éxito da Festa da Enfermería no PUB QUEMAIS
Sábado, 11 de febreiro:
Festa dos Namorados
ENTROIDO nos dous locais,
Todos os días festa de
DISFRACES
Gogos, Drag Queen, azafatas...
e GRANDES PREMIOS!!





CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre **edificación s sen licenza**, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B

Teléfonos 982-380411 e 982-380149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo

Teléfono 981-505781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

Reforma educativa encuberta ata os 18 anos?

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

Neste estado parece existir algún tipo de fixación compulsiva por realizar reformas educativas. Se mo permiten, por parecer que realizan reformas educativas, porque alén dos cambios de nomes ou da estruturación das etapas educativas, as reformas reais, profundas e realmente significativas aínda están pendentes de materialización. De feito, dende o cambio de réxime realizáronse doce reformas, sete que afectaron ás ensinanzas medias, unha á formación profesional e catro ás ensinanzas universitarias. No futuro, cando se analice o que sucedeu dende finais dos anos setenta, un dos principais elementos de análise que se utilizarán será intentar coñecer por que todos quixeron pasar á historia como artífices dalgún tipo de reforma educativa.

Na miña modesta opinión, dende a ampliación da idade obrigatoria ata os dezaseis anos, fai xa algo máis de vinte anos, poucas cousas ocorreron que sexan quen de facernos pensar nun cambio profundo

que trate, primeiro, de descubrir que é o que expulsa ao 30% da xuventude das aulas e, segundo, avaliar ata que punto existe un divorcio entre o coñecemento escolar e as necesidades e oportunidades sociais. O anuncio do actual goberno é que o alumnado tome a decisión entre ciclos formativos ou bacharelato aos quince anos. Curiosa oferta se pensamos que a obrigatoriedade é ata os dezaseis anos, non nos atoparemos con peche de ciclo educativo e, polo tanto, previsiblemente con ningún título mínimo que poida acreditar, por exemplo, que non se é analfabeto.

Todo parece indicar que se vai realizar de xeito encuberto unha ampliación da idade de escolarización obrigatoria ata os dezoito anos en vez de implementala poñendo medios para que a pretendida reforma sexa real e non quede novamente no campo dunha pequena estruturación. As consecuencias poden ser imprevisibles, sobre todo para aqueles que vivan en comarcas

do interior, como é a nosa, e se atopen que aos quince anos a oferta de ciclos formativos é tan reducida que haberá que tomar a decisión de traslado a unha cidade para continuar cos seus estudos. Ou siga ocorrendo que debido ao forte desembolso que isto supón para as familias moitos opten por aventurarse ao bacharelato porque as outras opcións son difíciles economicamente, máis aínda neste contexto de falta de emprego.

A obrigatoriedade ata os dezoito anos xa é unha realidade nalgúns países do noso entorno como Francia, Alemaña, Bélxica, Holanda, Hungría e Polonia, entre outros. Todo parece indicar que non tardará moito en chegar aquí e esperemos, polo tanto, que non se faga de xeito encuberto e sen falta de medios, tendo que ser as familias as que se vexan afogadas por querer proporcionarlle aos seus fillos as maiores das oportunidades, e volvan asomar vellas desigualdades difíciles de xustificar e entender.

Para cando a concentración parcelaria de Visantoña?

Xosé Núñez López

Leo no xornal Cerne do pasado mes de xaneiro que quedou completada a parcelaria de catro parroquias do Concello de Santiso. Os propietarios xa teñen nas mans os títulos de propiedade das súas fincas. Tras dezaioito anos! As devanditas parroquias súmanse ás de Pezobre, Ribadulla, Beigondo e Barazón, nas que xa hai anos que rematou a concentración. Supoñendo que a parroquia de Visantoña é a máis grande en extensión do Concello de Santiso, non parece que esa circunstancia teña a culpa de que levemos xa vinte e dous anos a voltas coa concentración parcelaria, sen que se vexa próximo o final.

Esta esaxerada tardanza trae consigo unha gran perda non só para o acondicionamento xeral de produción nas leiras, senón principalmente para a riqueza forestal dos montes, tan importante na Galicia rural. É algo grave do que tardaremos anos en recuperarnos porque se cortaron moitas árbores e ao non teren os campesiños a seguridade de cales

serían os terreos que lles adxudicarian definitivamente, non se atreveron a repoboar.

Eu mesmo son unha desas persoas afectadas e sufrín as consecuencias de plantar árbores en terreo que despois non foi meu. No ano 2006 foron colocados os correspondentes marcos e díxose que eran os definitivos e que non se podían cambiar de lugar sen previo aviso ou coñecemento do dono do predio. Pero no 2007 fun ver un terreo a monte que me fora adxudicado e que tiña idea de plantar. A miña sorpresa foi ver que cambiaran un marco ata case a metade da tenza sen que me fora notificado. Que pasaría se fixese a plantación despois de ter os marcos fixos había máis dun ano?

Constantemente se xustifica o retraso na fin da concentración parcelaria en que existen recursos pendentes de resolver. Os recursos non teñen data límite? Alguén terá que dar un paso adiante xa para non botar máis anos facéndolle dano a Visantoña.

Sobre os nós de pesca

Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

Tanto se pescamos cunha sedela simple como cunha de Dacron, terá polo menos dous nós: o que une a sedela á liña de bobina e o que se une ao anzol. É moi posible que tamén teñamos que facer outros nós, por exemplo para as moscas, culleriñas, rapalas ou para unir xiratorios ou baixos de liña á sedela do carrete.

Xa que cada nó supón un punto débil da sedela, recoméndase que sexan os mínimos posibles, que se aten con coidado e que se use a sedela máis adecuada ao traballo (pesca) que imos realizar. Incluso os mellores nós nas mellores sedelas, só terán entre un 80-90% da resistencia da sedela nas que estean atados; un punto moi importante a recordar especialmente cando esteamos unindo dúas liñas de diferentes resistencias.

Para reducir o risco de rotura da sedela, é preciso humedecer algo o nó cando o estamos facendo para evitar



que a fricción sexa maior ao tirar del. Cando estiremos temos que facelo firmemente e debemos recortar os extremos para que podan pasar con facilidade polos aneis da caña.

Entre os nós, atopamos os que se utilizan para terminais, como anzois, xiratorios, “señuelos” á sedela; nós para unir sedela con sedela a baixo de liña e nós que forman lazadas en sedelas ou baixos de liña.

Todos eles son fáciles de realizar e bastantes seguros. Podemos usalos con sedela de monofilamento ou Dracon nos ríos e no mar. Outros nós son usados para unir os anzois e xiratorios. O medio cote é para unir anzois, xiratorios e “señuelos”. O de bobina é para unir a sedela á bobina. Finalmente, os que forman lazadas nas sedelas ou baixos de liña son o de rabiza e o nó largo.

O peche de MegaUpload

Rafael Rodríguez Gaioso,
enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

Este mes imos facer unha paréntese e falar da noticia que revolucionou a rede o pasado 19 de xaneiro, cando o FBI, a instancias do estado de Virxinia (USA), pechaba o servizo de descargas directas MegaUpload. Este servizo era usado por uns 1.000 millóns de usuarios ao mes. Calquera usuario podía subir ficheiros de gran tamaño que logo eran descargados polo resto de visitantes. Dentro deses ficheiros atopábanse contidos protexidos polos dereitos de autor, motivo da operación levada a cabo polas autoridades estadounidenses.

O peche realizouse sen un xuízo previo, sen defensa posible, e sen ter en conta aos afectados que estaban pagando polo servizo sen infrinxir ningunha lei. Os beneficios que obtiña MegaUpload viñan de dúas fontes: a publicidade, e as cotas dos usuarios Premium que querían vantaxes respecto ao resto, por exem-

plo, na velocidade de descarga.

As descargas de contidos a través de internet non van desaparecer co peche deste portal, nin os cines se van encher de espectadores, como afirma a industria.

Defendemos a liberdade do coñecemento e protexemos os dereitos de autor. Estamos en contra da opinión daqueles usuarios que cren que todo o que poden atopar en Internet pode ser descargado e ten que ser de balde. Temos por diante o reto de buscar un modelo de distribución de contidos que non sexa abusivo cos dereitos de expresión e comunicación.

Confiamos en que os servizos que ofrece a computación na nube non se vexan afectados por accións deste tipo, pero haberá que coñecer un pouco máis o funcionamento dos servidores onde almacenamos os nosos ficheiros.

Para máis información:
<http://webmelisa.es-info@webmelisa.es>

LILA QUINTEIRO, CONFECCIONES CARDIGAN

“Ofrecemos unha gran variedade de punto a prezos moi accesibles”

Comezou sendo unha novidade e rematou por converterse nun clásico. Cando abriu as súas portas, Confecciones Cardigan incorporou novos conceptos ao comercio melidense. Agora, 13 anos depois, é un local consolidado, cunha rede de clientes fieis, que mantén a súa aposta polas pezas

de punto e os prezos para todos os petos. Falar de Cardigan é falar tamén de Lila Quinteiro, a muller que viu nacer e medrar esta tenda. A experiencia acumulada deixa nela o instinto dos bos vendedores e unha ristra de anécdotas que darían para encher o primeiro volume dunha colección.

-A apertura de Cardigan, hai 13 anos, foi toda unha novidade. Como recorda aqueles días?

-Xerou moita expectación porque era algo distinto ao que había daquela no pobo. Podías entrar, mirar, probar e elixir por ti mesma sen ter ninguén detrás. A xente sentíase con máis liberdade para mercar. Ademais era un local moi amplo, con música, calefacción... todo iso animaba a entrar. Foi un auténtico boom.

-Pensaron que ese tipo de comercio podía non encaixar en Melide?

-Tiñamos dúbidas. Un día antes de abrir a tenda, o meu xefe díxome que non ía funcionar. Eu díxenlle que si, e ata fixemos unha aposta. Á vista está que gañei eu! (ri). De feito, aos dous meses xa pensaban en abrir outra tenda nova. Ao final decidimos acondicionar esta e habilitar a planta superior para crear unha zona de oportunidades.

-Agora esa planta está pechada.

-Si. Funcionamos moi ben durante moitos anos pero logo tivemos unha época máis frouxa debido aos problemas da firma Montoto. Servían poucas prendas e decidimos concentrar todo na pranta de abaixo. Agora volvemos ter mercancia e estamos vendendo moi ben para os tempos de crise que corren. O andar superior está listo para reabrilo en canto sexa necesario.

-Pódese dicir que Cardigan ten un estilo de roupa distinto?

-Si, distinto e propio. Traballamos con Montoto, que leva 58 anos no mercado. É xa un clásico cun estilo definido que se



Lila Quinteiro leva 13 anos á fronte de Cardigan

traslada á nosa tenda. As pezas de punto son a marca de identidade de Cardigan. Ofrecemos unha gran variedade a prezos moi accesibles. Esa é outra das características que nos diferencia. Podes entrar na tenda con 30 euros e saír ben vestida.

-Importa máis o prezo ou a calidade?

-Hoxe en día o que busca a xente é cambiar de roupa a prezos baratos. Non busca tanto a última moda porque sabe que hai que pagala moi cara. Cos mesmos cartos prefíre comprar pezas máis baratas e levar varias, aínda que sexan do ano pasado. Así varía de roupa e gasta menos.

-A elegancia tamén é unha cuestión de prezo?

-Non. Nácese con ela. Non ten que ver co prezo nin coa feitura do corpo. Está máis relacionada con saber atopar o estilo de cada un.

-A vostede tamén lle tocoulle atopar o estilo dos demais?

-Unha das funcións das dependentas é asesorar. Debemos captar como é a persoa antes de ofrecerlle a roupa. É algo que se aprende. Cando entra un cliente pola porta xa tes que saber o que vén buscando e a talla que usa. É a primeira clave para conseguir facer a venda e que o cliente marche contento con ela.

-Os descontos que se aplican no Nadal, antes das rebaixas, non son ben vistas por todos os comer-

ciantes. Que opina?

-Eu creo que as promocións non estragan a campaña de rebaixas. Tendemos a crer que o comercio dos pobos non está á altura do das cidades pero hoxe en día funcionamos do mesmo xeito. Os produtos, os prezos e as facilidades que ofrecemos ao cliente son as mesmas. No tema das promocións e das rebaixas tampouco somos diferentes. En Cardigan facemos unha campaña 15 días antes das rebaixas para facilitar que a xente merque regalos de Nadal.

-O comercio de Melide debería de modernizarse máis? Estou pensando nos peregrinos e o inglés.

-Aquí ninguén domina o inglés, pero acabámonos entendendo por sinais. A venda sae

“A xente xa nos coñece polas pezas de punto; sempre foron a nosa marca de identidade”

“Hoxe en día non se busca ir á última moda senón cambiar de roupa a prezos baratos”

adiante igual, quizais porque a linguaxe dos cartos é universal. A maioría dos peregrinos valoran moitísimo que sexas amable con eles. Iso xa garante a venda. Agradecen que esteas pendente e ata detalles aos que aquí non lles damos importancia; por exemplo, envolverlles unha peza para regalo ou dar as grazas.

-Que é o mellor e o peor de traballar no comercio?

-A xente, para o bo e para o malo. Atopas persoas moi amables e outras que non comprenden as cousas e che dan malas contestacións. Ao final do día, unha cousa compensa outra. Xorden tantas anécdotas que xa estou pensando en escribir un libro cando me retire: “Anécdotas dunha dependenta”. (Ri)

dos Día Namorados

**SORTEO DE CEAS
PARA DUAS PERSOAS**



SORTEO:
17-02-2012
ÁS 21:00 H.
EN ASETEM CCA



MERCAR EN MELIDE:

todo un acerto!



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección xeral de comercio



DEPUTACION DA CORUÑA